

A ECONOMÍA GALEGA
NO ANO 2015

1

1.1 Contornos internacional e estatal

1.1.1. Contorno internacional.

No primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2015 e situarémola dentro nos contornos estatal e internacional dos últimos anos; neste epígrafe, en concreto, achegarémonos ao crecemento económico nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

No ano 2015 a economía mundial no seu conxunto rexistrou un crecemento do PIB que aproveitou o “vento de cola” da expansión cuantitativa do diñeiro en circulación e da forte caída internacional do prezo do petróleo. Nos Estados da Unión Económica e Monetaria (UEM) o crecemento económico veuse favorecido tamén pola depreciación do euro, que fixo a súa achega á suba das exportacións e á substitución de importacións por produtos da Eurozona.

No cadro 1.1 presentamos os índices de variación do PIB, os prezos e as taxas de desemprego en China, Estados Unidos de América, OCDE, UE, UEM no último trienio. No caso da Unión Europea desagregaremos os datos dos cinco Estados con maior PIB: Alemania, Gran Bretaña, Francia, Italia e España.

No bienio 2014-2015 foi perceptible a recuperación económica no conxunto da OCDE (que en 2015 subiu o PIB un 2,1%) mentres que nos “Estados emerxentes” houbo unha desaceleración, que se converteu en recesión nalgún caso, como Brasil e ralentizou o crecemento económico noutros, anque sigan cunha suba alta do PIB (ao redor do 7%) como en China.

En 2015 tanto a Unión Europea (UE) como a Unión Económica e Monetaria (UEM) ou a OCDE subiron o seu PIB (1,8%, 1,5% e 2,1% respectivamente) anque non chegaron á porcentaxe de Estados Unidos de América (2,4%, igual que en 2014).

España, trala reviravolta do último bienio, rexistrou en 2015, despois de China, o maior crecemento económico dos dez ámbitos territoriais recollidos no cadro 1.1.

No tocante á variación porcentual do índice de prezos de consumo, salientaremos en 2015:

- A estabilidade no nivel dos prezos dos bens e servizos, tanto na UE como na UEM ou en EE.UU.
- A lixeira suba do índice dos prezos de consumo (0,6%) no conxunto da OCDE
- A diminución do IPC en España por segundo ano consecutivo, cunha intensidade que triplicou a do ano 2014.

Cadro 1.1

Economía internacional: % de variación do PIB, IPC e taxa de paro. 2013-2015

Período	OCDE	Unión Europea							EE.UU.	China
		Total UE	UEM	España	Alemania	Francia	Italia	Reino Unido		
PIB (1)										
2013	1,2	0,3	-0,2	-1,7	0,4	0,7	-1,8	2,2	1,5	7,7
2014	1,9	1,4	0,9	1,4	1,6	0,2	-0,3	2,9	2,4	7,3
2015	2,1	1,8	1,5	3,2	1,4	1,2	0,6	2,3	2,4	6,9
Taxa de desemprego										
2013	7,9	10,8	12,0	26,1	5,2	10,3	12,1	7,6		4,0
2014	7,4	10,2	11,6	24,4	5,0	10,3	12,6	6,1		3,6
2015	6,8	9,4	10,9	22,1	4,6	10,4	11,9	5,3		3,4
IPC (2)										
2013	1,6	1,5	1,4	1,5	1,6	1,0	1,2	2,6	1,5	2,7
2014	1,7	0,6	0,4	-0,2	0,8	0,6	0,2	1,5	1,6	2,0
2015	0,6	0,0	0,0	-0,6	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	1,5

(1) En porcentaxe de variación interanual, a prezos constantes

(2) Índices armonizados de prezos de consumo nos Estados da UE.

Fonte: BCE, OCDE (collido de Banco de España, "Boletín Económico" maio 2016)

A variación do IPC no bienio 2014-2015 en España (-0,2% e -0,6% respectivamente) reflicte que o risco de deflación é na actualidade unha posibilidade, cunha demanda interna lastrada, entre outros factores, polo elevado nivel do desemprego, a suba do traballo precario (a tempo parcial, temporal...) e a conxelación ou diminución salarial de boa parte das persoas ocupadas.

No tocante á taxa de desemprego, en España en 2015 foi do 22,1%, 2,3 puntos porcentuais menos que no ano anterior pero máis do dobre que no promedio da UE-28 (9,4%) ou na UEM (10,9%), o triplo que no conxunto da OCDE (6,8%), e o cuádruplo que en EE.UU (5,3%). España segue a ser, con Grecia, o Estado da Unión Europea cunha maior taxa de paro en 2015.

A taxa de desemprego baixou en 2015 no conxunto da OCDE, na UE, na UEM...e tamén en España, anque aínda a gravidade da nosa situación sociolaboral asociada a este indicador quedou moi clara no parágrafo anterior: o dobre que na UE ou na UEM, o triplo que na OCDE e o cuádruplo que en Estados Unidos.

Na comparanza das taxas de paro da UE ou da UEM con Estados Unidos, o diferencial a prol de EE.UU. foi no ano 2015 de 4,1 e 5,6 puntos porcentuais respectivamente.

A Organización Internacional do Traballo (OIT), no informe "Perspectivas sociais e do emprego no mundo" salientou a suba da precariedade laboral desde 2008, non só nos países emerxentes senón tamén nos máis desenvolvido. Na súa análise da situación do emprego en 90 Estados, denunciou que máis da metade dos asalariados (un 56%) non teñen un emprego indefinido a tempo completo, así como o feito de que sigan a subir con intensidade os contratos temporais e os de tempo parcial.

Resulta especialmente preocupante, que ademais das grande desigualdade estrutural a nivel internacional entre o centro (Estados máis desenvolvidos) e a periferia (Estados máis empobrecidos), que segue a facer unha achega importante á emigración de persoas do “Terceiro Mundo” cara ao “paraíso” dos Estados máis enriquecidos, a desigualdade estea en niveis máximos históricos no conxunto da OCDE.

Así o certifica o Informe da OCDE: *Juntos en ello. Por qué una menor desigualdad nos beneficia a todos*. Nel sobrancea que a desigualdade persoal nos Estados desta organización internacional subiu con moita forza desde o comezo da *gran recesión*, que trouxo con ela menos riqueza e ademais unha suba da desigualdade.

Un dato chamativo dese informe: O 10% da poboación máis enriquecida da OCDE acumula un 50% da riqueza, mentres o 60% de poboación máis empobrecida só ten un 13% da riqueza.

Outro dato: o 10% dos máis ricos da OCDE ganan case dez veces máis (9,6) que o 10% dos máis pobres; tres décadas atrás, era sete veces máis.

Algunhas das causas que sinala a OCDE desta suba da desigualdade son: o fraude fiscal, a elusión fiscal, a suba do desemprego, os recortes en servizos sociais, ensino e sanidade, a diminución salarial e a precarización laboral (crecemento dos contratos temporais, excesiva rotación laboral,...).

1.1.2. Contorno estatal.

Referirémonos neste epígrafe ao marco estatal, no que se desenvolve a nosa actividade socioeconómica, así como á evolución do PIB e do PIB por habitante nas distintas comunidades autónomas.

España, que estivo no período 2001-2007 á cabeza do crecemento económico da UE (e máis da OCDE) mudou radicalmente a traxectoria do seu PIB na *gran recesión*. A visión comparativa do crecemento económico desde 2007 en Galicia e máis en España que presentamos no cadro 1.2 reflicte que:

Cadro 1.2

Porcentaxes de variación anual do PIB real (1). Galicia e España. 2007-2015

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Galicia	4,3	1,5	-3,6	0,2	-1,3	-2,7	-0,7	0,4	2,1
España	3,8	1,1	-3,8	0,0	-1,0	-2,6	-1,7	1,4	3,2

(1) Os valores do PIB estatal dos anos 2011a 2014 foron recalculados polo INE en setembro de 2015 e baixaron respecto do cálculo anterior nos anos 2011a 2013

Fonte: INE (Contabilidade Nacional Trimestral) e IGE

- No cuadrienio 2007-2010 subiu máis o PIB en Galicia todos os anos (ou baixou menos, no caso de 2009).
- No bienio 2010-2011, en cambio, o PIB en Galicia baixou máis que o promedio estatal.
- En 2013 foi mellor o comportamento do PIB en Galicia, pero no último bienio volveu a crecer máis na media española.


Ademais da evolución do PIB na nosa comunidade autónoma ou no conxunto do Estado español, tamén é importante a comparanza deste indicador macroeconómico nas diversas nacionalidades e rexións, para situar a Galicia na posición que lle corresponda no decorrer do crecemento económico autonómico.

Para este estudo dispoñemos dos datos que proporciona o INE na “Contabilidad Regional de España”; os de 2015, que figuran no cadro 1.3, recollen para Galicia un crecemento económico moi superior ao proporcionado por outras fontes que usaremos neste mesmo epígrafe (a “Contabilidad Trimestral Nacional” (do INE) e máis as “Contas Económicas Trimestrais”, do IGE).

Cadro 1.3

Tasa de crecemento ⁽¹⁾ do PIB. Por CC.AA. 2015

	2015
Andalucía	3,2
Aragón	2,7
Asturias	3,1
Baleares	3,2
Canarias	2,8
Cantabria	2,6
Castela A Mancha	3,2
Castela e León	2,9
Cataluña	3,3
C. Valenciana	3,6
Extremadura	3,0
Galicia	3,2
Madrid	3,4
Murcia	3,1
Navarra	2,9
País Vasco	3,1
Rioxa (A)	2,8
Ceuta	3,0
Melilla	2,7
España	3,2



(1) En termos de volumen
Fonte: INE. “Contabilidad Regional de España.”

- Galicia foi, de acordo coa “Contabilidad Regional de España”, unha das catro comunidades autónomas cun crecemento económico igual que o promedio estatal (3,2%); as outras foron Andalucía, Baleares e Castela- A Mancha.
- Só tiveron subas do PIB maior que Galicia en 2015 tres comunidades: a valenciana (3,6%), Madrid (3,4%) e Cataluña (3,3%).
- No outro extremo, Cantabria (cun 2,6%) rexistrou o menor crecemento económico.

- Todas as comunidades (e cidades) autónomas tiveron en 2015 subas do PIB superiores á media da UE (1,8%) e unha mesmo a dobrou (a valenciana, cun 3,6%).

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando ese diferenza, polo que debemos complementar os datos do ano 2015 do cadro 1.3 cos que figuran no cadro 1.2 para o período 2007-2015.

Achegarémonos agora, ao fío do cadro 1.4, a outro indicador macroeconómico moi usado na medición do crecemento económico dunha sociedade: o PIB por habitante. Non debe esquecerse ao analizar os datos que o menor dinamismo demográfico da sociedade galega respecto do promedio español está influír desde hai décadas a prol da suba relativa do noso PIB *per capita*; é a chamada *converxencia pasiva*, unha das vías de aproximación no camiño da converxencia de Galicia co PIB por habitante medio do Estado.

Cadro 1.4

PIB por habitante en euros. Por CC.AA. 2015

	2015
Andalucía	17.263
Aragón	25.552
Asturias	20.675
Baleares	24.394
Canarias	19.900
Cantabria	20.847
Castela A Mancha	18.354
Castela e León	21.922
Cataluña	27.663
C. Valenciana	20.586
Extremadura	16.166
Galicia	20.431
Madrid	31.812
Murcia	18.929
Navarra	28.682
País Vasco	30.459
Rioxa (A)	25.507
Ceuta	19.399
Melilla	17.173
España	23.290

(1) En termos reais

Fonte: INE. "Contabilidade Rexional de España."

Os datos reflicten que en 2015:

- O PIB *per cápita* foi en Galicia de 20.431 euros, moi por baixo da media estatal (23.290 euros); once comunidades estiveron por riba neste indicador económico e cinco por baixo (máis as dúas cidades autónomas).
- Madrid, País Vasco, Navarra e Cataluña foron, por esta orde e igual que no ano anterior, as de maior PIB por habitante.
- Extremadura e Andalucía seguen a ser as comunidades autónomas cun PIB por habitante máis baixo (e, no medio delas, queda a cidade autónoma de Melilla)

A posición relativa en PIB *per cápita* de cada comunidade (e cidade) autónoma recollida no cadro 1.5 reflicte que no ano 2015:

- Galicia quedou un 12,3% por baixo do promedio estatal (unha décima menos que en 2014).
- No nivel superior, Madrid superou nun 36,6% á media española e o País Vasco, nun 30,8% (as dúas comunidades 0,5 puntos porcentuais máis que en 2014); no outro extremo, Extremadura, un 30,6% por baixo, a cidade autónoma de Melilla, un 26,3% e Andalucía, un 25,9%.

Cadro 1.5

PIB per cápita das CC.AA respecto do estatal. 2015

	%
Andalucía	-25,9
Aragón	9,7
Asturias	-11,2
Baleares	4,7
Canarias	-14,6
Cantabria	-10,5
Castela A Mancha	-21,2
Castela e León	-5,9
Cataluña	18,8
C. Valenciana	-11,6
Extremadura	-30,6
Galicia	-12,3
Madrid	36,6
Murcia	-18,7
Navarra	23,2
País Vasco	30,8
Rioxa (A)	9,5
Ceuta	-16,7
Melilla	-26,3

(1) En términos de volumen

Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España."

A visión estática do cadro 1.5 complementámola coa ollada diacrónica que recollemos no cadro 1.6, que reflicte a evolución comparativa do PIB por habitante en Galicia e en España na última década: o valor cada ano da porcentaxe de Galicia sobre a media estatal.

Compróbase que:

- O PIB per cápita de Galicia no ano 2015 (20.431 euros) medrou por terceiro ano consecutivo e tivo o maior crecemento en valor absoluto do período analizado, pero aínda non recuperou o valor que tiña no trienio 2008-2010.
- Galicia recortou só en tres décimas a diferenza coa media estatal desde 2008 ata 2015.

Cadro 1.6

PIB por habitante (en euros). Galicia e España. 2008-2014 (1)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Galicia	21.226	20.490	20.574	20.143	19.539	19.577	19.661	20.431
% Galicia/España	87,4	88,0	88,6	87,9	87,6	88,4	87,7	87,7

(1) Datos definitivos ata 2011, provisionais en 2012-2013, avance en 2014 e primeira estimación en 2015

Fonte: INE, Contabilidade Rexional de España

- En porcentaxe do PIB por habitante medio estatal, Galicia repetiu en 2015 o dato do ano anterior (87,7%); só en 2008 e 2012 estivo por baixo (tres e dúas décimas, respectivamente).

A avaliación da dinámica do PIB por habitante en Galicia en comparanza coa media da UE reflicte o proceso de converxencia (ou de diverxencia) dos dous ámbitos territoriais; facémolo ao fío do cadro 1.7 para a última década: reflicte que Galicia avanzou ininterrompidamente desde 2006 ata 2009 a porcentaxe que supoñía o seu PIB por habitante respecto do promedio da UE, pero o proceso de *converxencia* dese cuadrienio freouse de súpeto coa *gran recesión* e deu a reviravolta no quinquenio 2010-2014, no que se ampliou cada ano a *diverxencia*.

Cadro 1.7

Evolución do PIB por habitante (1). Galicia/ U.E. 2005-2014

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
% PIB Galicia/UE	84,8	88,7	90,5	91,3	92,3	89,5	87,0	83,2	83,0	80,0

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE=100; dentro da UE 27 ata o ano 2011 e da UE 28 despois.

Fonte: Eurostat

A avaliación da dinámica do PIB por habitante en España en comparanza coa media da UE reflicte o proceso de converxencia (ou de diverxencia) dos dous ámbitos territoriais; facémolo ao fío do cadro 1.8 para a última década; reflicte que:

- España avanzou no ano 2006 en porcentaxe de PIB por habitante respecto do promedio da UE, pero de 2007 a 2014 ampliouse cada ano a *diverxencia*.
- Os anos 2006 (cun 104,6%) e 2014 (cun 91%) marcan os niveis máximo e mínimo respectivamente da posición relativa de España na UE en PIB per cápita.

Cadro 1.8

Evolución do PIB por habitante (1). España/ U.E. 2005-2014

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
%PIB España/UE	101,8	104,6	104,4	103,2	103,0	98,8	96,4	94,2	94,0	91,0

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE=100; dentro da UE 27 ata o ano 2011e da UE 28 despois.

Fonte: Eurostat

Os datos do ano 2014 son os últimos que fixo públicos para os vinte e oito Estados da Unión Europea a súa axencia estatística (Eurostat), no estudo da riqueza das 276 rexións que a compoñen; nese informe, presentado en febreiro de 2016, atribúeselle a Galicia un PIB por habitante, medido *en paridade de poder adquisitivo*, dun 80% do promedio da UE, o que supón tres puntos porcentuais de caída respecto do valor deste indicador económico en 2013.

A medición do PIB por persoa en *paridade de poder adquisitivo* permite facer máis homoxéneos os valores dos distintos territorios, ao introducir a corrección do efecto dos diferentes niveis de prezos, co que a comparanza é máis axeitada.

Todas as comunidades autónomas do Estado español perderon posicións relativa en 2014 respecto da clasificación en PIB por habitante de 2013 (no caso de Galicia, baixou 33 postos na clasificación das rexións da UE) e a media española perdeu tres puntos porcentuais, xa que o seu PIB per cápita pasou do 94% ao 91%.

No cadro 1.9 recolleemos a variación en 2015 do PIB por persoa de cada comunidade autónoma (e do total español) que reflicte que:

- Galicia segue a ocupar o posto duodécimo no *ranking*, pero en 2013 facíao ela só mentres que en 2014 comparte o posto con Asturias e a comunidade valenciana.
- A nosa comunidade baixou no quinquenio 2009-2014 un 13,7% o seu PIB por persoa respecto do promedio da UE, o que certifica o superior impacto que a *gran recesión* tivo en Galicia respecto do promedio español (11,8%).
- España baixou nese mesmo quinquenio un 11,8% o seu PIB por persoa respecto do promedio da UE; velaí un sinal inequívoco de que a *gran recesión* tivo no conxunto do estado español un *shock* foi moi forte anque dous puntos porcentuais menor que en Galicia.

Cadro 1.9

**Converxencia coa UE (1).
Por CC.AA. 2014. 2009-2014**

	% variación 2009-2014	% sobre PIB da UE en 2014 (1)
Madrid	-6,0	125
País Vasco	-12,5	119
Navarra	-13,0	118
Cataluña	-20,0	109
A Ríoxa	-13,5	100
Aragón	-11,8	100
Baleares	-12,3	96
España	-13,3	91
C. León	-12,0	86
Cantabria	-18,0	82
Galicia	-13,7	80
Asturias	-16,5	80
C. Valenciana	-12,2	80
Canarias	-10,3	78
Murcia	-14,2	74
C. a Mancha	-13,7	72
Andalucía	-15,2	67
Estremadura	-12,5	65

(1) En porcentaxe sobre a media do PIB por habitante da UE=100. En paridade de poder adquisitivo

Fonte: EUROSTAT

- Só catro comunidades autónomas do Estado español quedaron en 2014 por riba da media da UE-28 en renda por habitante: Madrid (125%), País Vasco (119%), Navarra (113%) e Cataluña (108%). Son as mesmas, e pola mesma orde, que en 2013; nese ano estaban tamén por riba do promedio da UE dúas comunidades máis: Aragón (103%) e A Ríoxa (102%) que agora quedan á par do PIB per cápita da UE (con 27.600 euros).
- As cinco comunidades autónomas do Estado español con maior *diverxencia* en 2014 respecto do promedio da UE-28 en PIB por habitante foron: Estremadura (63%), Andalucía (67%), Castela - A Mancha (72%) Murcia (74%) e Canarias (78%).

A zona oeste de Londres (148.000 euros, cun 539%), Luxemburgo, Bruxelas e Hamburgo encabezan a clasificación por posición relativa das rexións en PIB *per capita* no ano 2014 na Unión Europea (as catro por riba do dobre da media da UE-28); péchaa unha rexión de Bulgaria, Estado que ten cinco das sete rexións de menor PIB por persoa da UE.

1.2 Crecemento económico galego

Neste epígrafe afondaremos no estudo do PIB de Galicia no último trienio, mediante a análise desde as perspectivas da demanda e máis da oferta, cunha dobre desagregación: das súas compoñentes internas e máis temporal (estudio por trimestres do ano 2015).

1.2.1 A perspectiva da demanda.

Facemos a análise desde a *perspectiva de demanda* coa variación dos compoñentes do PIB de Galicia no último trienio, cos datos proporcionados polo IGE nas “Contas Económicas Trimestrais”

- O PIB medrou en Galicia en 2015 máis que ningún ano desde 2007: fíxoo un 2,6% en taxa interanual en decembro 2015 sobre o mesmo mes do ano anterior, de acordo cos datos das *Contas económicas trimestrais* do IGE; anque é un bo dato, quedou por baixo do promedio español (3,5%) cun diferencial con respecto a este de nove décimas (o máis baixo desde o segundo trimestre de 2014).

- Medido en crecemento medio do ano 2015, a suba do PIB de Galicia foi, segundo ese mesmo Instituto estatístico galego, dun 2,1% (1,7 puntos porcentuais máis que en 2014), por baixo do promedio estatal (3,2%).

A desagregación do PIB desde o punto de vista do gasto presentámola no cadro 1.10, que constata:

Cadro 1.10

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2013-2015

Período	Gasto en conxunto final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
2013	-0,8	-2,7	-9,5	-2,8	14,4	7,2
2014	0,6	1,5	-0,7	0,6	-1,7	-0,2
2015	1,9	2,9	4,9	2,6	3,9	4,5

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixido de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas Económicas Trimestrais

- Tivo unha achega positiva en 2015 en Galicia a *demanda interna* (2,6%), que foi o principal motor do crecemento económico de Galicia. Se analizamos os distintos compoñentes desta demanda interna galega, o máis importante cuantitativamente (o dos fogares) tivo en 2015 unha suba do 1,9%, por baixo dos outros integrantes da demanda interna (gasto das administracións públicas e formación bruta de capital).

Este menor crecemento da *demanda dos fogares* reflicte que seguen a estar moi castigados pola redución da renda debido á varios factores, como a destrución do emprego, a suba do emprego a tempo parcial ou a conxelación ou redución salarial tanto a moitas persoas de

empresas privadas como ao persoal do sector público, que tivo que soportar –como está a ocorrer tamén en 2016- unha diminución do importe das pagas extraordinaria, un “axuste” que non se deu noutras comunidades autónomas.

- Subiu en 2015 un 2,9% en Galicia o gasto en *consumo final das Administracións públicas*, dato que contrasta coa caída do ano 2013 (-2,7%) e que converteu a este epígrafe no compoñente da demanda agregada interna máis dinámico en Galicia na media do último bienio.
- A *formación bruta de capital*, aínda negativa en 2014 (e moi negativa en anos anteriores a ese) rexistrou o mellor dato desde a *gran recesión* de 2009 en 2015 e converteuse na locomotora do crecemento económico galego deste ano.
- A *demanda exterior neta*, pola súa banda, tivo en 2015 un comportamento negativo: o valor das exportacións de bens e servizos subiu un 3,9% (fronte ao -1,7% de 2014) pero foi maior a suba porcentual do importe das importacións (un 4,5%).

Para as persoas que desexen unha análise temporal máis polo miúdo dos compoñentes da demanda do PIB en Galicia en 2015, presentamos a desagregación trimestral no cadro 1.11.

Cadro 1.11

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. Por trimestres. 2015

Trimestre	Gasto en consumo final			Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
	Total	Fogares e SFLSF	AA. PP.				
1T	1,7	1,4	2,9	4,1	2,1	0,4	2,2
2T	2,2	2,0	3,0	5,0	2,7	5,5	6,0
3T	1,9	1,9	1,9	5,6	2,5	3,7	3,9
4T	2,7	2,3	4,0	4,9	3,0	6,2	5,8

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixidos de estacionalidade e calendario

Fonte: IGE, Contas Económicas Trimestrais

Salientaremos a melloría dos compoñentes do PIB de Galicia ao longo do ano; se comparamos os datos do primeiro e o último trimestre, constatamos que subiu nos sets que figuran no cadro, con especial intensidade no valor das exportacións de bens e servizos.

1.2.2. A perspectiva da oferta.

No tocante á evolución desde a *perspectiva da oferta* do PIB de Galicia no último trienio, ao fío do cadro 1.12 sobrancearemos que:

- En 2015 creceron respecto do ano anterior os catro compoñente da oferta analizados; a xeración de valor engadido máis intensa produciuse na sector da construción (3,8%), seguido do de servizos (2,3%).

Cadro 1.12

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2013-2015

	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2013	2,1	5,8	-8,5	-0,7
2014	-2,8	-3,4	-2,9	1,1
2015	0,4	0,4	3,8	2,3

Datos en porcentaxe de variación interanual, corrixidos de estacionalidade e calendario

Fonte: IGE, Contas Económicas Trimestrais

- O comportamento menos expansivo en 2015 foi o dos sectores primario e máis industrial (0,4% nos dous casos), aunque deron unha reviravolta despois das fortes diminucións do ano anterior.

- A visión dinámica reflicte que a construción presentou no último bienio a evolución máis positiva, cunha mellora de 12,3 puntos porcentuais.

Para as persoas que desexen unha análise temporal máis polo miúdo dos compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2015, presentamos no cadro 1.13 a desagregación trimestral.

Sobrancearemos a mellora de cada un dos catro compoñentes da oferta agregada de Galicia ao longo do ano (agás os servizos no terceiro trimestre, que repetiron porcentaxe). A industria salientou pola suba interanual de 5,4 puntos porcentuais do primeiro ao cuarto trimestre (do -2,7% do primeiro trimestre pasou ao 2,7% do cuarto).

Cadro 1.13

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2015. Por trimestres

2015	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
1T	-1,0	-2,7	1,8	2,0
2T	-0,3	0,5	4,2	2,1
3T	0,5	1,2	4,4	2,1
4T	2,4	2,7	4,9	2,9

Datos en porcentaxe de variación interanual, corrixidos de estacionalidade e calendario

Fonte: IGE, Contas Económicas Trimestrais

1.2.3. O PIB das provincias galegas

A estimación estatística do PIB xerado por cada unha das provincias españolas leva un retraso temporal respecto das publicación dos datos desagregados por comunidades e cidades autónomas, pero dado o carácter estrutural deste indicador macroeconómico, o estudo da evolución no período 2010-2013 pensamos que ten interese.

Os últimos datos publicados polo INE foron os correspondentes ao ano 2013; no cadro 1.14 presentamos a evolución no último cuadrienio do crecemento económico das provincias galegas.

Cadro 1.14**PIB* a prezos de mercado das provincias galegas. 2010-2013**

	2010	2011	2012 (p)	2013 (p)
A Coruña	25.135.142	24.508.940	23.578.734	23.421.787
Lugo	6.791.982	6.748.370	6.597.309	6.580.402
Ourense	6.283.379	6.341.837	6.254.292	6.147.291
Pontevedra	18.814.669	18.228.977	17.910.770	17.749.175

* a prezos correntes

(p): datos provisionais

Fonte: INE, Contabilidade Rexional de España

Do PIB de Galicia no ano 2013 (53´9 millóns de euros), a provincia de A Coruña xerou un 43,4% e a de Pontevedra un 33%, as provincias occidentais concentran, xa que logo, un 76,4% do total da nosa comunidade.

As provincias de Lugo (12,2%) e Ourense (11,4%) pechan a clasificación, sumando entre as dúas menos da cuarta parte (un 23,6%) do PIB de Galicia.

No ano 2013 aínda non se recuperou o nivel de PIB que tiñan en 2010 en ningunha das provincias galegas; A Coruña presenta a maior caída nese trienio.

1.2.4 A crise das explotacións gandeiras da vacún de orientación leiteira

Foi intensa a destrución de emprego neto nos últimos anos no sector primario: en 2014 en 2015 este sector rexistrou a maior porcentaxe de caída (-9,6% en 2014 e -1,6% en 2015, en postos de traballo equivalentes a tempo completo).

En 2015 foi o único sector produtivo no que baixou a poboación ocupada mentres que en 2014 a súa diminución de emprego neto multiplicou por oito á do sector que o seguiu (construción: -1,2%). O total da ocupación galega mantívose estable en 2014 e subiu un 1,9% en 2015.

No *Informe sociolaboral da comunidade autónoma de Galicia no ano 2014* dedicámoslle un espazo á evolución decrecente do prezo pagado polo leite de vaca ás explotacións gandeiras de Galicia, porque está a levar ao peche de moitas delas, ao impedirlles obter un beneficio da súa actividade ou mesmo acadar o *punto morto* (ou punto de equilibrio entre os ingresos totais e os custos totais); isto ten unha grande importancia non só desde a perspectiva económica senón tamén desde a social e a demográfica, pois está a facer a súa importante achega para a *desertización* de importantes áreas do rural galego (especialmente no sector setentrional) e o progresivo avellentamento da poboación que segue a vivir nelas.

Ben sabido é que, no sector primario galego, as explotacións lácteas son desde hai moitas décadas unha das nosas principais fortalezas no conxunto do Estado español; por se queda algunha dúbida, no cadro 1.15 recolleemos a distribución por comunidades autónomas da

produción de leite de vaca, que reflicte que Galicia encabeza, con gran diferenza, a clasificación (a que a sigue, Castela–León, non chega á terceira parte), cun 39,4% do total español.

Cadro 1.15

Produción de leite*. Por CC.AA.

Andalucía	485.204
Aragón	123.411
Asturias	528.736
Baleares	65.409
Canarias	35.241
Cantabria	399.820
Castela A Mancha	206.119
Castela e León	790.365
Cataluña	645.439
C. Valenciana	61.806
Estremadura	27.373
Galicia	2.509.573
Madrid	60.413
Murcia	49.132
Navarra	194.382
País Vasco	168.484
Rioxa (A)	17.224
España	6.368.131

* En miles de litros no ano 2013

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (recollido do INE, Anuario Estadístico de España, 2015)

As oscilacións do prezo por litro de leite de vaca pagado ás explotacións lácteas de Galicia teñen sempre, xa que logo, unha importantísima repercusión na renda total e máis no emprego do noso subsector agro-gandeiro, pola ampla dependencia que teñen as explotacións gandeiras destes ingresos.


No cadro 1,16 presentamos os prezos do litro do leite en decembro de 2014 nas distintas comunidades autónomas:

- Galicia foi nese mes, con moita diferenza, a comunidade co prezo máis baixo.
- Nas comunidades que a seguiron no baixo prezo (Cantabria e Aragón) o prezo por litro foi superior á de Galicia en 0,22 e 0´26 euros (un 7% e un 8%) respectivamente.
- O prezo máis alto (Navarra) superou ao de Galicia en decembro de 2014 nada menos que en 0´78 euros (un 24,5%) e a comunidade que a segue (Andalucía), en 0´66 euros (un 22%).

Cadro 1.16

Prezo do leite en decembro 2014. Por CC.AA.

	N (1)	Prezo (2)
Andalucía	589	0,385
Aragón	70	0,345
Asturias	2.188	0,356
Baleares	130	0,355
Cantabria	1.456	0,341
Castela A Mancha	220	0,360
Castela e León	1.452	0,346
Cataluña	604	0,369
Estremadura	78	0,375
Galicia	9.639	0,319
Madrid	54	0,354
Murcia	23	0,349
Navarra	195	0,397
País Vasco	385	0,361
A Ríoxa	13	0,381
C. Valenciana	25	0,355



(1) N= número de explotacións lácteas incluídas neste estudo. En miles de litros

(2) Prezo medio ponderado, en euros por litro

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Informe de importes aboados

Se en vez da “foto fixa” de decembro de 2014 collemos a evolución no último ano do prezo do leite (calculado coa ponderación dos prezos declarados polos compradores) compróbase que rexistrou en Galicia unha diminución intensa e continua (agás en agosto, que repetiu dato), como reflicte nidiamente a columna “total estratos” do cadro 1.17:

Cadro 1.17

Prezos do leite, declarados polos compradores. Galicia 2014. Por meses

	Total estratos	Estrato 1	Estrato 2	Estrato 3	Estrato 4	Estrato 5	Estrato 6
Xaneiro	39,24	35,53	37,21	38,57	39,15	40,11	40,88
Febreiro	38,90	35,13	36,98	38,24	38,78	39,73	40,53
Marzo	38,65	34,83	36,68	38,01	38,70	39,62	40,31
Abril	36,05	33,14	34,26	35,32	35,92	36,90	37,74
Maio	35,61	32,94	33,91	34,97	35,56	36,42	37,07
Xuño	35,37	32,54	33,53	34,70	35,30	36,16	36,89
Xullo	33,72	30,90	31,83	33,01	33,65	34,42	35,31
Agosto	33,73	30,77	31,76	33,08	33,72	34,49	35,25
Setembro	33,64	30,64	31,70	32,97	33,56	34,32	35,17
Outubro	32,24	29,26	30,15	31,48	32,03	33,01	33,85
Novembro	32,10	29,13	30,13	31,37	31,90	32,93	33,53
Decembro	31,95	28,95	29,92	31,28	31,71	32,80	33,34

Estrato 1: Explotacións de vacún cota ata 100.000 kg de leite/ano

Estrato 2: entre 100.001e 200.000 kg

Estrato 3: entre 200.001e 300.000 kg

Estrato 4: entre 300.001e 400.000 kg

Estrato 5: entre 400.001e 700.000 kg

Estrato 6: maior de 700.001kg de leite/ano

- No promedio das explotacións de vacún de Galicia baixou o prezo do leite un 18,6% de xaneiro a decembro de 2014.
- Os menores prezos percibíronos os propietarios das explotacións gandeiras máis pequenas; as do estrato 6 (de 700.001 kg/ano ou máis) cobraron en decembro de 2014 un prezo que superou en 1,39 céntimos/litro ao promedio (31,95 céntimos), mentres que

nas de menor tamaño (cota láctea inferior a 100.000 kg/ano) o prezo quedou tres céntimos por baixo desa media.

- No estrato superior e máis nos dous inferiores, a diminución do prezo rexistrouse nos doce meses; nos outros tres estratos baixou once meses e subiu moi lixeiramente en agosto.
- O prezo de venda do litro en decembro de 2014 quedou nos dous estratos máis pequenos por baixo do custo de produción (estimado en 0,30 euros/litro).

Ampliando a visión diacrónica, sobrancearemos que en 2014 rachouse co proceso de suba do prezo do leite do segundo semestre de 2012 e o ano 2013, que á súa vez rematou cos baixos prezos do trienio que foi do segundo semestre de 2009 ao fin do primeiro semestre de 2012.

Dada a forte dependencia das explotacións gandeiras de Galicia do prezo percibido polo leite de vaca, a caída dos prezos (que continuou en 2015) produciu o peche de moitas explotacións, pola falla do rendibilidade. A liberalización do mercado no primeiro cuadrimestre de 2015, no que se eliminaron as cotas lácteas despois de 29 anos de vixencia, introduciu unha nova incógnita para o futuro do noso subsector gandeiro.

A campaña láctea 2014-2015, que comezou o día 1 de abril de 2014 e rematou o 31 de marzo de 2015, foi a última de vixencia do sistema de cotas, creado en 1984 para o control da produción láctea; desde 2008 aprobouse unha suba gradual do volume das cotas, para procurar acadar unha “ateraxe suave” no novo escenario da liberalización do mercado.

No ano 2015 volveron a saltar todas as alarmas pola evolución dos prezos do leite percibidos nas explotacións gandeiras de leite de Galicia. Ao fío do cadro 1.18 salientaremos que:

- O prezo medio percibido polo litro de leite en Galicia en 2015 foi de 28,86 euros, varios céntimos por baixo do custo de produción dese leite e máis do que se está a pagar noutras nacionalidades e rexións do Estado español.
- Ese prezo medio esconde situacións moito máis dramáticas para as explotacións gandeiras de menor tamaño: as de menos de 100.000 kg/explotación recibiron tan só unha media de 25,62 euros por litro de leite (3,24 euros menos que o promedio das explotacións gandeiras de Galicia)...e en ningún mes chegaron a cobrar os 28,86 euros da media galega (cando máis se achegaron, en xaneiro, quedaron 1,4 euros por baixo).

Como están os prezos do leite de vaca noutros Estados da UE? Seremos competitivos no mercado mundial? O Informe publicado o 11 de decembro de 2014 co título: *Milk market situation* proporciona os prezos do leite en outubro dese ano nos 28 Estados que compoñen

a Unión Europea; o abano abrangue entre os 0,23 e 0,57 euros, cun prezo medio na UE-28 de 0,35 euros; o de España: 0,33 euros.

Cadro 1.18

Prezo do leite en Galicia declarado polos compradores en 2015. (Euros/100 litros, sen iva)

Tramo (kg/explotación)	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Estrato 1 <100.000	27,62	27,54	27,09	25,46	24,94	24,43	24,29	24,46	25,24	25,35	25,42	25,59
Estrato 2 100.001-200.000	28,58	28,54	28,20	26,89	26,54	25,90	25,69	25,95	26,67	26,83	26,92	27,05
Estrato 3 200.001-300.000	29,76	29,74	29,42	27,96	27,49	26,95	26,08	26,77	27,48	27,77	27,73	27,97
Estrato 4 300.001-400.000	30,42	30,43	30,14	28,54	28,21	27,64	27,29	27,46	28,28	28,38	28,44	28,57
Estrato 5 400.001-700.000	31,29	31,28	30,97	29,36	28,87	28,30	27,93	28,08	28,56	29,03	29,08	29,22
Estrato 6 >700.001	31,84	32,12	32,01	30,09	29,60	29,07	28,72	28,76	29,40	29,82	29,77	29,84
Prezo medio ponderado	30,52	30,60	30,30	28,80	28,40	27,90	27,60	27,70	28,30	28,70	28,70	28,80


1- Os datos corresponden á situación das declaracións realizadas polos compradores na aplicación informática de declaración de entregas a data 2/02/2016.

2- Os datos de tramos de produción a partir de abril de 2015 non están referenciados á cota láctea; para determinar o tramo que lle corresponde a cada produtor, se estima a súa produción anual en base á seguinte estacionalidade mensual:

Estacionalidade da produción de leite en Galicia (peso relativo medio de cada mes nos últimos 8 períodos lácteos):

xan: 8,38%; feb: 7,83%; mar: 8,82%; abr: 8,56%; mai: 8,89%; xuñ: 8,47%; xul: 8,65%; ago: 8,42%; set: 7,92%; out: 8,07%; nov: 7,80%; dec: 8,39%

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural



1.3 Variacións do PIB e do Emprego: a produtividade

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar, e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable.

Achegarémonos primeiro á evolución nos últimos anos do emprego en Galicia de forma xeral, porque no capítulo 4 deste Informe estudarémolo máis polo miúdo (a tempo parcial/completo, indefinido/temporal e privado/público); remitimos alí ás persoas interesadas en afondar na análise da poboación ocupada na nosa comunidade.

Dedicaremos despois un epígrafe á análise do estado actual e máis da evolución nos últimos anos da produtividade do factor traballo na economía galega (en comparanza coa media estatal) e a importancia de acadar a súa suba para mellorar a nosa competitividade.

1.3.1. Balance do mercado de traballo

Faremos un balance da evolución do mercado laboral galego nos últimos anos desde una dobre vertente: cos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), que proporciona o *Instituto Nacional de Estadística* e máis cos das Contas Económicas de Galicia, que elabora o *Instituto Galego de Estatística*.

1.3.1.1. Balance de indicadores laborais a partir dos datos da EPA

Os datos do Informe da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia: *Observatorio da economía galega* permítennos o estudo da evolución de varios indicadores do mercado de traballo en Galicia desde o comezo da crise, cos datos obtidos nas Enquisas de Poboación Activa.

No cadro 1.19 recollemos a evolución de sete variables laborais, que nos permiten avaliar a traxectoria do mercado de traballo de Galicia desde 2008 ata 2015: poboación activa, ocupada, asalariada e desempregada; taxas de actividade, emprego e paro.

Salientaremos que:

Cadro 1.19

Balance do mercado de traballo. Galicia. 2008-2015

Período	Poboación activa	Poboación ocupada	Pob. asalariada	Pob. desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
	Miles de persoas				Porcentaxe		
2008	1.314,8	1.201,2	972,2	113,6	54,8	50,0	8,6
2009	1.319,5	1.155,4	898,0	164,1	54,8	48,0	12,6
2010	1.314,4	1.104,5	865,4	199,9	54,2	45,9	15,4
2011	1.316,5	1.089,3	852,3	227,2	54,8	45,3	17,4
2012	1.317,7	1.047,2	810,1	278,5	55,0	43,7	20,5
2013	1.290,9	1.006,4	775,3	284,6	54,2	42,2	22,0
2014	1.273,9	998,0	779,5	275,8	53,8	42,1	21,6
2015	1.260,7	1.017,2	800,2	243,4	53,5	43,1	19,3

Datos en medias anuais

Fonte: Xunta de Galicia, Contas Económicas Trimestrais

- A poboación activa, tras unha baixada e tres subas no cuadrienio 2009-2012, e a continua diminución no trienio 2013-2015, quedou neste último ano nun nivel moito máis baixo (54.100 persoas menos) que en 2008, o que supón un descenso do 4,1%. Esta caída da poboación activa (especialmente no grupo de idade: 16-34 anos, se afondamos na distribución por idades) é un dos “puntos negros” nas variables do mercado de traballo, no contexto do maior dinamismo económico que se percibiu en 2015.

- No tocante á ocupación, obsérvase con claridade no sexenio 2008-2014 o ininterrompido proceso de caída, que acumulada supuxo a destrución neta de 203.200 empregos. Esta forte diminución da poboación ocupada en Galicia desde 2008 (un 16,9%) é unha das peores pegadas que deixou a intensa e prolongada crise económica na nosa comunidade. En 2015 tivo unha lixeira recuperación (subiu en 19.200 persoas) pero só supón un 9,4% do emprego neto perdido no sexenio anterior.
- No período analizado, a poboación asalariada acadou o valor máis alto en 2008 (ao igual que a poboación ocupada) e desde entón ata 2013 Galicia perdeu 196.900 empregos por conta allea; porcentualmente a diminución nese quinquenio (20,3%). No último bienio subiu en 24.900 o número de persoas asalariadas (un 12,6% da baixada do quinquenio anterior).
- A poboación desempregada galega, que en 2007 estaba lixeiramente por baixo das 100.000 persoas (98.700) pasou a ser de 284.600 en 2013, tralo continuo incremento nese sexenio, con especial intensidade no peor ano da *gran recesión* (2009) con 50.500 persoas, o que supuxo un 51,2% de suba. O crecemento acumulado nese sexenio da poboación parada de Galicia (185.900 persoas, un 188,3%) reflicte cruamente os numerosos dramas humanos aí agochados. A importante diminución do desemprego no bienio 2014-2015 (41.200 persoas) rachou co “período negro” laboral de 2008 a 2013 e permitiu reducir nun 22,2% o desemprego xerado no sexenio anterior.
- A taxa de actividade da poboación de 16 ou máis anos estivo practicamente estancada no período 2008-2012 e tivo unha caída de 1,5 puntos porcentuais no último trienio.
- A taxa de ocupación sufriu unha diminución importante e continuada en Galicia no sexenio 2008-2014 (7,9 puntos porcentuais); en 2015 recuperou un punto. Os 6,9 puntos e caída de 2008 a 2014 resumen inequivocamente a mala evolución deste indicador laboral desde o comezo da crise económica.
- A taxa de desemprego galega case se triplicou de 2007 a 2013, sexenio no que dun 7,6% pasou a ser un 22%, tralo continuo e intenso incremento; a diminución de 2,7 puntos porcentuais no bienio 2014 -2015 permitiu pechar 2015 coa menor taxa de paro do último cuadrienio.

1.3.1.2. Balance de indicadores laborais cos datos das *Contas Económicas de Galicia*

A segunda perspectiva da análise da evolución do mercado de traballo de Galicia farémolo cos datos das *Contas Económicas Trimestrais*, que proporciona o Instituto Galego de Estatística.

Neste caso o estudo da poboación ocupada faise en *postos de traballo equivalentes a tempo completo*, o que permite “afinar máis” no achegamento á variación do emprego neto de Galicia; no cadro 1.20 recolleemos os datos do último trienio (con desagregación trimestral para 2015), por sectores e ramas.

Salientaremos que:

- En medias anuais, a poboación ocupada de Galicia subiu en 2015 en 18.375 persoas (un 1,9%); a traxectoria por trimestres foi de ininterrompida suba do emprego neto.
- A diminución neta de postos de traballo rexistrouse en 2015 só no sector agro-pesqueiro (nun 1,6%); por ramas do sector dos servizos, baixou en dúas: “actividade financeira - seguros” e “servizos de non mercado”.

No cadro 1.21 recolleemos, cunha estrutura semellante á do cadro anterior, as porcentaxes de variación interanuais do emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Salientaremos:

- A estabilidade da poboación ocupada de Galicia de 2014 deu paso en 2015 a unha suba do 1,9%, cada vez con maior intensidade na desagregación por trimestres; compróbase que no primeiro semestre creceu un 1,6% e no segundo semestre un 2,1%.
- Por sectores de actividade económica, o primario foi o único no que diminuíu o emprego neto en 2015 (un 1,6%) aínda que moito menos que no ano anterior 8-9,6%), mentres que, no outro extremo, a construción, despois da destrución de emprego neto de 2014 pasou a xerar ocupación neta en 2015. A industria tivo tamén unha mellora importante en 2015 e, trala perda de emprego neto do ano anterior deu a reviravolta e acadou unha suba do 1,7%.

Cadro 1.21

Porcentaxe de variación de emprego*segundo actividade. Galicia. 2014-2015

	En medias anuais		Datos trimestrais			
	2014	2015	2015/I	2015/II	2015/III	2015/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	0,0	1,9	1,6	1,8	1,8	2,4
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-9,6	-1,6	-5,0	-6,5	-0,3	6,1
Industria	-1,0	1,7	0,5	1,4	2,1	2,7
Construción	-1,2	2,8	3,8	3,1	2,1	1,9
Servizos	1,3	2,2	2,3	2,6	1,9	2,1
-Comercio, transporte e hostalería	0,3	2,4	2,3	2,3	2,3	2,6
-Información e comunicacións	-0,4	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0
-Actividades financeiras e de seguros	-2,3	-0,8	-1,4	-1,0	-0,9	-0,1
-Actividades inmobiliarias	4,2	8,0	8,5	8,7	7,8	6,9
-Actividades profesionais	2,6	5,7	6,9	6,5	4,6	4,9
-Admon. Pública (sanidade e educación)	3,2	1,2	1,4	2,0	0,8	0,9
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,4	0,7	0,3	1,4	0,7	0,5
Servizos non de mercado	-1,5	-0,9	-2,3	-0,4	-0,7	-0,2

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

- Nun estudo máis polo miúdo da evolución da poboación ocupada no sector dos servizos, a rama das *actividades financeiras e de seguros* rexistrou cada ano no bienio 2014-2015 a maior porcentaxe de destrución de emprego neto (-1,55%, de media), como ocorreu tamén nos tres últimos trimestres; no primeiro trimestre, superouno na caída porcentual.

Dos “servizos non de mercado” (-2,3%). En 2015 foron as dúas únicas ramas dos servizos que tiveron unha perda neta de postos de traballo, mentres que, no outro extremo, dúas ramas subiron máis dun 5% a súa poboación ocupada (actividades inmobiliarias: 8% e actividades profesionais: 5,7%).

A fortísima crise financeira a partir da caída de Lehman Brothers en outubro de 2008 segue a eliminar aínda, sete anos despois, postos de traballo na rama financeira-seguros tanto en Galicia como no conxunto de España, nunha interminable crise que se agudizou en 2015 cos problemas de rendibilidade que están a ter os bancos polos baixos tipos de interese da actual conxuntura económica.

A evolución do emprego neto en Galicia medido en postos de traballo equivalentes, nun prazo máis longo (en concreto, desde 2008) presentámola no cadro 1.22, que reflicte nidiamente a gran intensidade da destrución da ocupación en Galicia nesta crise e máis a reviravolta de 2015 (agás no sector agro-pesqueiro), que por octavo ano consecutivo sofre unha perda neta de postos de traballo).

Cadro 1.22

Porcentaxe de variación de emprego * por sectores produtivos. Galicia. 2008-2015

	Total poboación ocupada	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2008	-0,4	-6,0	-1,7	-5,8	1,7
2009	-5,6	-3,3	-9,6	-11,3	-3,7
2010	-3,3	-2,2	-3,9	-9,7	-2,1
2011	-3,9	-3,1	-5,2	-15,6	-1,9
2012	-4,8	-3,6	-6,6	-18,0	-2,8
2013	-2,0	-4,1	-2,9	-11,2	-0,5
2014	0,0	-9,6	-1,0	-1,2	1,3
2015	1,9	-1,6	1,7	2,8	2,2
2015/I	1,5	-5,0	0,5	3,9	2,2
2015/II	1,9	-6,6	1,4	3,4	2,6
2015/III	1,8	-0,4	2,1	2,1	1,9
2015/IV	2,5	6,1	2,7	1,7	2,2

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo; cambio interanual.

Os datos de 2012 e 2013 son provisionais; os de 2014 e 2015 son avances

Fonte: IGE, Contas Económicas Trimestrais

Para as persoas que desexen afondar no estudo da principal compoñente da poboación ocupada de Galicia (a asalariada) poñemos á súa disposición os datos do cadro 1.23.

Cadro 1.23

Emprego asalariado* segundo actividade. Galicia. 2013-2015

	2013	2014	2015	2015/I	2015/II	2015/III	2015/IV
TOTAL POBOACIÓN ASALARIADA	797.799	801.266	821.095	814.973	818.507	822.837	828.063
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	27.859	25.927	27.193	27.189	25.711	26.934	28.937
Industria	129.716	128.382	130.454	129.133	130.022	130.973	131.686
Construción	57.585	56.557	58.220	58.793	58.486	57.991	57.608
Servizos	582.639	590.400	605.228	599.858	604.287	606.938	609.830
-Comercio, transporte e hostalería	216.807	217.350	224.809	221.944	223.708	226.166	227.416
-Información e comunicacións	14.329	14.299	14.399	14.264	14.376	14.451	14.506
-Actividades financeiras e de seguros	16.372	15.856	15.282	15.521	15.380	15.156	15.073
-Actividades inmobiliarias	5.466	6.089	6.718	6.485	6.726	6.835	6.826
-Actividades profesionais	73.774	75.450	79.772	78.508	79.376	80.083	81.122
-Admon. Pública (saúde e educación)	196.821	202.529	205.130	204.085	205.480	205.260	205.696
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	59.070	58.828	59.118	59.050	59.242	58.988	59.191
Servizos non de mercado	164.981	162.511	161.048	160.370	161.400	161.088	161.334

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Os dos anos 2013 son provisionais e os de 2014 e 2015 son un avance

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial

A *produtividade* é o cociente entre o valor da produción e o dos recursos (humanos e materiais) utilizados para obtela; xa que logo, mide o valor da produción xerada por cada unidade monetaria de custo dos factores produtivos utilizados. É un factor determinante do desenvolvemento económico dun país; en palabras do premio Nobel Paul Krugman: “A produtividade non o é todo, pero, a longo prazo, é case todo”.

A mellora da produtividade do traballo é unha esixencia para conseguir unha maior competitividade empresarial, necesidade cada vez máis evidente nun mercado globalizado;

a maior formación dos traballadores, o investimento en capital humano, en I+D+i, a boa organización empresarial, a redución do absentismo laboral ou a obtención de recursos financeiros con baixo custo son, entre outros factores, sólidos piares nos que asentar unhas empresas con maior produtividade.

Centrémonos, por exemplo, no último dos factores; pola fragmentación do mercado financeiro da Unión Europea abriuse un enorme diferencial entre os custos financeiros das empresas (especialmente das de menor tamaño) nos distintos Estados; nos máis afectados pola crise, coma o grego, o portugués, o irlandés, e en menor medida o español, as empresas, especialmente as pequenas, están a pagar un importante diferencial nos cretos (respecto dos mercados centrais da UE (como o alemán).

Durante varios anos non funcionou axeitadamente a cadea de transmisión da política monetaria, de xeito que o progresivo abaratamento dos tipos de xuro dos préstamos do BCE á Banca non tivo o efecto desexado nos Estados máis “tocados” pola crise económica, pois moitas entidades financeiras destinaron gran parte dese diñeiro (obtido a moi baixo custo) a outros fins, como a compra de Débeda ou reforzamento dos seus recursos propios. Estrangulouse, así, o mecanismo de transmisión dos fluxos monetarios ás empresas e, cando circulou, chegoulle ás pemes de Galicia (e do conxunto de España) cuns custos financeiros altos.

A análise desde unha perspectiva integral dos factores condicionantes da produtividade do traballo reborda en moito o obxectivo deste epígrafe; noutros apartados deste *Informe Sociolaboral* focalizamos varias desas variables, cando estudamos, por exemplo, o baixo investimento na formación bruta de capital (capítulo 1), en I+D+i (capítulo 2) ou en formación (capítulo 10), e a precariedade laboral (abuso da contratación temporal e da rotación laboral, baixos salarios, eta.) que atranca a mellora da produtividade por varias vías: acouta a destreza no traballo, sube a sinistralidade laboral e non motivan axeitadamente á poboación asalariada para a consecución dos obxectivos empresariais.

A *produtividade aparente do traballo* é o cociente entre o valor engadido bruto (en adiante: VEB) e o *emprego equivalente a tempo completo* que o xerou. No *Informe da situación sociolaboral de Galicia* do pasado ano analizamos os datos que o IGE publicou os nas *Contas Económicas de Galicia: 2008 – 2012*, e xa sobrancearemos alí que :

- A *produtividade aparente do traballo* subiu todos os anos desde o comezo da grave crise que aínda andamos a sufrir; nese cuadrienio o crecemento foi de 5.246 euros por posto de traballo (un 11,3%).
- Alén análises triunfalistas dese crecemento da produtividade, desafortunadamente, o estudo das causas reflicte que produciuse porque foi maior a caída do denominador

(ocupación a tempo completo) ca do numerador (VEB); o VEB baixou sempre de 2008 a 2012, cun abano que abrangue dunha diminución mínima en 2010 (-0,8%) a unha máxima en 2012, que a cuadriplica (-3,2%).

Esa vía cara a mellora da produtividade non é a que necesita un país que queira avanzar no seu desenvolvemento económico-social; é unha “vía morta”. Cómpre, para acadar unhas altas taxas de crecemento económico, coller a vía da suba da produtividade por persoa xerada por un incremento do VEB maior que a do emprego e darlle pulo á *taxa de ocupación* (porcentaxe das persoas en idade de traballar que teñen emprego).

A suba do emprego cun crecemento do VEB por riba del é o camiño a recorrer para que o incremento da produtividade sexa o socialmente necesario, o que xerando emprego cree riqueza, por exemplo co maior investimento en capital humano, en I+D+i ou coa redución dos custos financeiros.

En cambio, a suba da *produtividade aparente do traballo* acadada desde o comezo da crise, ao abeiro da destrución de postos de traballo e do abaratamento dos salarios dos que conservan o emprego leva ao estancamento económico, porque non potencia a suba dos ingresos das persoas asalariadas, non se reanima o consumo dos fogares e a demanda interna segue a afondar a recesión.

O forte impacto da crise económica que comezou no outono de 2008 ocasionou que as intensas destrucións de emprego en Galicia e no total español, maiores en valor absoluto que as baixadas do VEB, ocasionaran a suba da *produtividade aparente do traballo*.

Un bo exemplo é a evolución en Galicia e España desde que comezou en 2008 a crise económica do PIB, o emprego e a *produtividade aparente do traballo*, que poden ollar as persoas interesadas no *Informe sociolaboral* anterior. Nel, o cadro 1.20 explicita que nun período de grave crise económica (2008 a 2013) e fortísima destrución de emprego, creceron os índices de produtividade nos dous ámbitos territoriais; a suba acumulada foi do dobre en Galicia (9,7 puntos porcentuais) que no promedio estatal (4,9 puntos).

Cadro 1.24

Porcentaxe de produtividade do traballo*.
Galicia/España. 2012-2015

	2012	2013	2014	2015
% Galicia/España	89,0	88,9	88,9	88,5

*% de produtividade aparente do factor traballo
Fonte: IGE e INE

Ese cadro reflectiu nidiamente a correlación inversa entre a evolución do emprego e a variación da *produtividade aparente do traballo*, e fíxoo cos datos do sexenio 2008-2013 en Galicia e máis en España.

A *produtividade aparente do traballo* en Galicia en 2014 foi un 88,5% da media estatal. A visión diacrónica arrequece, sen dúbida, a comprensión dos indicadores socioeconómicos; ampliamos, xa que logo, o período de observación e en vez de centrarnos no ano 2015, focalizamos no cadro 1.24 o último cuadrienio.

A economía galega non está a lograr converxer en produtividade coa media estatal; mesmo a estabilidade do trienio 2012-2014 se converteu nun claro distanciamento trala diminución comparativa da nosa produtividade en relación co promedio de España no ano 2015; esa *diverxencia* expresa as dificultades que está a ter a nosa comunidade autónoma para conseguir pechar gradualmente ese *gap*, esa fenda actualmente que nos distancia xa 11,5 puntos porcentuais do promedio estatal.

No estudo axeitado da produtividade de traballo dunha sociedade, cómpre botar unha ollada sectorial, para coñecer a *fenda de produtividade* entre os sectores produtivos ou mesmo, nunha análise máis polo miúdo, entre as ramas de actividade. Esta perspectiva, aplicada para Galicia e España, recollémola no cadro 1.25; permítenos entender mellor en que sectores hai unha maior fenda entre as produtividades medias do traballo de Galicia e España de 2012 a 2015.

Cadro 1.25

Porcentaxe de produtividade do traballo (1), por sectores. Galicia/España 2012-2015

	2012	2013	2014	2015
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	93,2	88,1	104,3	104,4
Industria	85,4	91,3	89,1	87,2
Construción	89,5	91,5	89,0	90,1
Servizos	89,6	87,9	87,8	87,5

(1) Os datos dos anos 2011 e 2012 son provisionais

Fonte: Contas económicas de Galicia. Base 2008

Compróbase que:

- En 2015, por sectores, as *produtividades aparentes do traballo* de Galicia están por baixo das medias estatais na industria, a construción e os servizos, mentres que está por riba no sector agro-pesqueiro.
- Na comparanza dos datos dos anos 2012 e 2015 sobrancea o avance da produtividade sectorial agro-pesqueira en Galicia (concentrada no bienio 2014-2015), a lixeira suba na da construción e na industria, mentres que os servizos, o sector

hoxe maioritario na xeración de PIB e no emprego, foron distanciándose da produtividade media estatal deste sector cada ano no último trienio.

O *Foro Económico Mundial* elabora periodicamente unha clasificación mundial por *competitividade*; a última situou a España no posto 36 (de 144 Estados), moi por debaixo do posto que ocupa por PIB.

Na elaboración destes estudos avalíanse múltiples factores, como o déficit público, a dificultade no acceso ao creto, o nivel educativo da poboación, a regulación dos mercados interiores, o nivel das infraestruturas, a capacidade de innovación empresarial, a eficiencia no funcionamento da burocracia ou as prácticas de corrupción.

Un dos puntos fortes da economía española que sobrancea este informe é o nivel das infraestruturas, que sitúa ao noso Estado na décima posición, ben lonxe do posto na globalidade das variables analizadas. Outra fortaleza que destaca en España este informe á alta taxa de persoas matriculadas en estudos universitarios, que en principio é unha panca fundamental na que apoiar un novo modelo produtivo, máis eficiente que o baseado na construción e o turismo como piares básicos: as persoas con bo nivel de cualificación permiten darlle pulo a actividades empresariais que xeren un maior valor engadido, pero a realidade actual reflicte que se estraga boa parte dese potencial produtivo, porque moitas persoas teñen que emigrar a outros Estados e xerar alí a riqueza que non puideron crear no seu.

1.4 Benestar económico-social: Taxas de pobreza; Alta desigualdade

1.4.1 Dificultades económicas dos fogares

O PIB ou a súa variante por persoa, obviamente, non é unha variable axeitada para a medición do grao de desenvolvemento económico-social dunha sociedade. Un só exemplo: se soben os accidentes de tráfico nun país, subirá o PIB polo crecemento do valor da produción en diversas ramas produtivas, posto que da pé a un incremento da facturación de actividades económicas vencelladas ao uso de grúas, talleres de reparación de coches, hospitais..., e mesmo funerarias. Ocórrase a alguén darlle pulo á sinistralidade nas estradas para que suba o PIB?

Cómpre, pois, desacralizar o PIB e non atribuírlle un significado que non ten; débense elaborar outros indicadores que se acheguen máis á medición do benestar económico-social dun país, poñamos por caso o IDH (Índice de desenvolvemento humano) que a ONU proporciona cada ano; nel, aparte do PIB por habitante, computan aspectos vencellados cos niveis da educación e a sanidade de cada Estado.

Mentres, botaremos man de algunhas variables que nos dan conta das condicións de vida, como as dificultades económicas dos fogares, neste epígrafe e da desigualdade económica: os ingresos medios por fogar e por persoa, e as taxas de pobreza.

A Enquisa de condicións de vida (ECV) realizada polo INE na primavera de 2015 estimou para cada comunidade (ou cidade) autónoma as dificultades económicas dos fogares en 2014, cuantificándoas polos catro criterios que recolle o cadro 1.26

Salientaremos o seguinte:

- Un 48,7% dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións alomenos unha semana ao ano fóra da súa casa (8,1 puntos porcentuais máis que o promedio estatal); ao igual que no ano anterior, só tres comunidades (Canarias, Murcia e Andalucía) tiveron unha porcentaxe de fogares maior; as menores porcentaxes rexistráronas as comunidades que encabezaron a clasificación por ingresos anuais netos medios (País Vasco, Madrid e Navarra).
- Un 29,6% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (9,8 puntos porcentuais menos que a media española); as maiores porcentaxes tivéronas, igual que no ano anterior, Canarias, Andalucía e Murcia; as porcentaxes máis baixas foron as de País Vasco, Navarra e A Ríoxa.
- Un 7% dos fogares de Galicia tiveron retrasos nos pagos vencellados á súa vivenda principal (2,4 puntos porcentuais por baixo do promedio español); as comunidades de Canarias, Baleares e Murcia rexistraron as maiores porcentaxes de fogares; as menores rexistráronas Navarra, Castela – León e País Vasco.
- Un 7,1% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (6,6 puntos porcentuais por baixo do promedio español); as comunidades de Canarias, Murcia e valenciana foron as de porcentaxes de fogares maiores, mentres que as menores porcentaxes rexistráronas Navarra, Aragón, Galicia e A Ríoxa.

Cadro 1.26

Dificultades económicas dos fogares. Por CC.AA. 2015

	Non pode permitirse ir de vacacións fora da casa a lo menos unha semana ao ano	Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	Retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal	Moita dificultade para chegar a fin de mes
Andalucía	55,0	55,0	11,3	15,3
Aragón	29,4	28,9	5,9	5,8
Asturias	36,1	30,5	5,0	8,0
Baleares	38,8	38,1	17,5	16,6
Canarias	57,9	67,7	18,1	34,9
Cantabria	29,9	29,2	6,2	12,5
Castela León	38,7	26,2	3,8	9,9
Castela a Mancha	43,1	39,6	11,0	16,4
Cataluña	37,1	37,9	9,8	11,7
C. Valenciana	44,1	41,4	11,7	19,0
Estremadura	47,6	40,4	4,7	18,9
Galicia	48,7	29,6	7,0	7,1
Madrid	24,4	33,5	7,4	9,0
Murcia	55,4	47,2	13,1	19,9
Navarra	24,5	22,6	3,5	5,9
País Vasco	20,3	18,5	4,6	10,0
Rioxa (A)	27,7	25,5	12,0	7,1
Ceuta	46,3	58,9	31,7	18,9
Melilla	29,9	41,8	10,8	17,5
España	40,6	39,4	9,4	13,7

Datos en porcentaxe

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2015)

1.4.2 Ingresos medios por persoa e máis por fogar

Na última Enquisa de Condicións de Vida, publicada polo INE o día 24 de maio de 2016 cos datos de 2015, e para as variables de ingresos de 2014, o INE estimou en 10.212 euros os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia, e en 10.419 na media de España.

A análise desagregada por comunidades (e cidades) autónomas podemos facela ao fío do cadro 1.27 do que sobrancearemos:

- Os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2014 están un 2% por baixo do promedio español (era un 1,5% no ano anterior).
- As comunidades cos maiores niveis *per cápita* foron País Vasco, Navarra e Madrid, mentres que os menores tivéronos (ademais das dúas cidades autónomas) Murcia, Estremadura e Andalucía.
- O ingreso medio anual neto en 2014 dunha persoa residente no País Vasco está un 35,3% do promedio das residentes en Galicia, e o de Navarra un 30,2%.

Cadro 1.27

**Clasificación das CC.AA. de maior a menor
ingreso medio anual por persoa. 2014**

País Vasco	13.836
Navarra	13.300
Madrid	12.534
Aragón	12.427
Cataluña	12.283
Asturias	11.427
Rioxa (A)	11.132
Baleares	10.828
Castela e León	10.570
Cantabria	10.494
España	10.419
Galicia	10.212
Melilla	10.027
Valencia	9.098
Canarias	8.640
Ceuta	8.512
Castela a Mancha	8.498
Extremadura	8.469
Andalucía	7.942
Murcia	7.924

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2015)

Se focalizamos os ingresos medios anuais netos por fogar en España no último quinquenio en España (cadro 1.28) comprobamos que a evolución foi decrecente todos os anos de 2010 a 2014, aínda que a tendencia decrecente foi moi lixeira no último ano.

Cadro 1.28

**Evolución dos ingresos medios anuais por fogar
e por persoa. España. 2010-2014**

	2010	2011	2012	2013	2014
Por fogar	28.206	27.747	26.775	26.154	26.092
Por persoa	10.858	10.795	10.531	10.391	10.419

Datos en euros

Fonte: INE (ECV anos 2011a 2015)

Pola súa banda, os ingresos medios anuais netos por persoa no conxunto do Estado español baixaron os tres anos de 2011 a 2013 e subiu moi lixeiramente en 2014.

1.4.3 A poboación en risco de pobreza: forte suba en Galicia.

Xa nos referimos anteriormente a un Informe na OCDE no que sobranceou a forte suba da desigualdade persoal desde a crise que comezou no outono de 2008. Ese Informe, publicado en maio de 2015 (con datos ata 2011), certificou que o 10% máis enriquecido da poboación ingresaba en 2011 no conxunto da OCDE nada menos que 9,6 veces máis (era sete veces hai tres décadas) que o 10% máis empobrecido da poboación.

Pois ben, ese Informe salientou tamén que no ano 2011 en España o 10% da poboación con máis ingresos concentrou 13,8 veces máis (era 8,4 veces en 2007) que o 10% de menos renda; as tres comunidades con maior desigualdade na distribución persoal da renda foron Castela – A Mancha, Extremadura e Andalucía.

Unhas 2,8 millóns de persoas (800.000 máis que en 2009) estaban en 2011 en situación de *pobreza severa* en España, ingresando as que viven soas menos de 4.057 euros ao ano. Os sectores sociais que están a sufrir máis esta situación son as mulleres e a mocidade; só un dato, ilustrativo de abondo: un de cada tres mozos/as de idade entre 16 e 29 anos estaban nese ano en España en risco de exclusión social.

Unha fonte estatística da que botar man para coñecer a taxa de pobreza en España, con desagregación por comunidades autónomas, a Enquisa de Condicións de Vida que cada ano elabora o INE.

De acordo cos criterios establecidos por Eurostat, o limiar de risco de pobreza nunha sociedade establécese no 60% da *mediana* dos ingresos por unidade de consumo das persoas.

O concepto estatístico de *mediana* defínese como o valor que, unha vez ordenadas todas as persoas de menor a maior ingreso, deixa unha metade das persoas por riba e outra por baixo; xa que logo, o seu valor vai estar en función da renda e de como se distribúa entre a poboación.

En España, o INE proporcionou como último dato o do ano 2015, pero puntualizando que corresponde aos ingresos de 2014. O limiar de risco de pobreza para unha persoa cuantificouno en 8.011 euros (50 euros por riba que no ano anterior, un 0,62%); no caso dun fogar integrado por dúas persoas adultas e dúas menores de 16 anos, o limiar fixouno en 16.823 euros (104 euros máis que o ano anterior).

No cadro 1.29 presentamos as comunidades (e cidades) autónomas ordenadas de menor a maior taxa de risco de pobreza. Destacaremos que:

- Galicia quedou por baixo do promedio estatal (19,4% e 22,1% respectivamente) e ocupa en 2014 unha posición intermedia entre as comunidades pola súa taxa de pobreza.
- As comunidades coa taxa de pobreza máis baixa en 2014 foron Navarra, País Vasco e Cataluña.
- No outro extremo, a cidade autónoma de Ceuta e as comunidades de Andalucía, Murcia e Extremadura rexistraron as maiores taxas de pobreza.

Cadro 1.29

Clasificación de menor a maior taxa de pobreza.
Por CC.AA. 2015

Navarra	9,6
País Vasco	10,9
Cataluña	13,9
Aragón	14,4
Cantabria	14,9
Madrid	15,1
Asturias	16,7
Rioxa (A)	17,1
Castela e León	18,3
Galicia	19,4
Baleares	21,7
España	22,1
Valencia	25,3
Melilla	25,8
Canarias	28,5
Castela a Mancha	28,5
Estremadura	29,0
Ceuta	31,0
Murcia	31,8
Andalucía	35,7

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2015)

No cadro 1.30 presentamos a evolución da poboación en risco de pobreza de Galicia e máis España de 2008 a 2014. Salientaremos dúas cousas:


Cadro 1.30

Evolución da taxa de pobreza. Galicia e España. 2008-2014.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	20,4	18,1	16,1	18,3	17,2	15,4	19,4
España	20,6	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2	22,1

Datos en porcentaxe

Fonte: INE, ECV anos 2009 a 2015



- Galicia rexistrou en 2014 a maior suba de taxa da pobreza (4 puntos porcentuais) e pecha o período analizado coa maior taxa do último sexenio, despois de ter no ano anterior o mellor dato dos sete anos analizados.
- Pola súa banda, a taxa media de pobreza de España, despois da práctica estabilización do quinquenio 2008-2012, en 2013 tivo unha suba importante (1,8 puntos porcentuais) mentres que en 2014 baixou lixeirísimamente (unha décima).
- Como resultado do peor comportamento relativo en Galicia que no conxunto de España en 2014, a diferenza entre as dúas taxas de pobreza reduciuse en 4,1 puntos porcentuais.

Un Informe da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia estimou que en 2013 había máis de 63.000 fogares con poboación infantil en risco de pobreza en Galicia; unha da cada catro familias nas que había menores, xa que logo, non deron cuberto ese ano as súas necesidades básicas pola falla dos recursos.

Se nos centramos no grao máis avanzado de medición do nivel de pobreza infantil (o de *carencia material grave*) ese Informe computa alomenos 18.000 fogares dos que contan con poboación infantil (un 7,4% do total). Ourense (9,1%) e Pontevedra (8%) tiveron as maiores taxas, mentres que as menores foron as de A Coruña (6,7%) e Lugo (7,4%).

En xuño de 2015 a *Obra Social de La Caixa* presentou un Informe (cos datos de 2012) segundo o cal España é, despois de Romanía, o Estado de maior taxa de pobreza relativa de 30 Estados de Europa analizados (entre eles todos os da UE). Este Informe incorporou un seguimento a varias familias durante catro anos e concluíu que “un de cada dez nenos/as españois, aproximadamente uns 840.000, atópanse en estado permanente de pobreza”.

A taxa de pobreza relativa infantil en España, que no ano 2005 era dun 24%, subiu en 2012 ao 30%, na que foi a maior suba nese período despois da de Grecia (pasou dun 20 a un 27% nese septenio).

Este Informe chamou a atención tamén sobre os grupos de idade de maior perigo de padecer risco de pobreza: entre 14 e 17 anos, abano de idade no que tres de cada dez adolescentes en España vivían en 2012 por baixo do limiar da pobreza.

Os grupos sociais con maior risco de pobreza foron os menores que viven nun fogar cos dous proxenitores desempregados (cun 69% de probabilidade de pobreza), as familias numerosas (as de catro ou máis descendentes a probabilidade é dun 60%) e os fillos de persoas de fóra de Europa (50,4% de probabilidade de pobreza).

Queremos sobrancear un dato deste Informe moi vencellado coa situación do mercado de traballo: un de cada catro menores pobres en 2012 tiña ambos proxenitores desempregados.

Un dato do citado Informe de *La Caixa* que causou arrepío, por canto a política social da UE non inclúa unha medida como esta dentro da “armonización” que en moitos outros terreos existe: “Cunha axuda de 1.000 euros anuais por cada menor conseguiríase sacar da pobreza a 400.000 nenos/as”; o exemplo que puxeron foi o de Noruega, Estado no que existe esta transferencia de renda ás familias economicamente máis necesitadas de xeito universal: tiña no ano 2012 un 8% de taxa de pobreza, a menor dos 30 Estados analizados nese Informe.

1.4.4 Distribución da renda

Coñecemos xa a renda media por persoa de Galicia, pero non deixa de ser unha media aritmética, un dato teórico que proporciona cal sería a renda per cápita se a distribución dos ingresos fose igual entre toda a poboación estudada. Dado que non é así, cómpre complementar ese estudo co da distribución real desa renda, cousa que podemos facer de diferentes formas: co índice de Gini, coa curva de Lorenz..., e que o INE fai coa análise da renda por unidade de consumo recibida pola poboación dividida en cinco partes, en cinco quintís.

No cadro 1.31 presentamos a poboación por comunidades autónomas focalizada por quintil de renda por unidade de consumo no ano 2015, en comparanza coa media estatal (nesta se lle asigna un 20% a cada quintil).

Cadro 1.31

Poboación por quintil de renda por unidade de consumo. Por CC.AA. 2014

	1º quintil (menor renda): 0-20%	2º quintil (rendas intermedias): 20-40%	3º quintil (rendas intermedias): 40-60%	4º quintil (rendas intermedias): 60-80%	5º quintil (maior renda): 80-100%
Andalucía	32,6	25,6	18,4	13,9	9,5
Aragón	13,1	15,0	18,3	25,5	28,1
Asturias	14,6	19,3	18,7	24,5	22,8
Baleares	20,6	13,9	18,2	22,3	25,0
Canarias	26,3	21,2	23,0	16,3	13,2
Cantabria	13,2	19,0	28,6	25,8	13,4
Castela León	15,9	22,0	21,6	21,7	18,9
Castela a Mancha	26,7	24,8	19,2	17,7	11,7
Cataluña	12,8	14,3	20,3	23,0	29,6
C. Valenciana	21,6	25,1	23,3	18,4	11,7
Extremadura	25,5	30,6	19,2	14,2	10,6
Galicia	16,1	22,2	23,8	21,8	16,1
Madrid	14,3	15,3	17,9	22,4	30,1
Murcia	28,0	26,9	19,7	16,1	9,3
Navarra	9,4	7,8	15,7	32,7	34,4
País Vasco	9,9	9,7	17,2	25,6	37,5
Rioxa (A)	15,0	18,9	23,0	20,6	22,6
Ceuta	28,0	27,0	17,0	12,6	15,4
Meillla	23,7	14,6	20,0	23,2	18,4
España	20,0	20,0	20,0	20,0	20,0

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2015)

Salientaremos que:

- Galicia é unha das comunidades nas que a tanto a porcentaxe de poboación no grupo de menos ingresos (primeiro quintil) como no grupo de máis ingresos (16,1% tamén) está por baixo do promedio estatal (16,1% tamén), mentres que está por riba da media español nos outros tres quintís dos que representan as rendas intermedias).
- As comunidades autónomas co maior porcentaxe de poboación con rendas altas (quinto quintil) foron en 2015 País Vasco (37,5%) e Navarra (34,4%); as dúas rexistran porcentaxes que son máis do dobre que a galega nesta quinta parte da poboación de maiores renda por unidade de consumo.
- No extremo contrario, no sector representativo da quinta parte de poboación de menor renda por unidade de consumo (primeiro quintil), as maiores porcentaxes rexistrárono en 2015 Andalucía (32,6%, o dobre de Galicia), Murcia (28%) e Castela-A Mancha (26,7%).

1.5 Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais

Para o dinamismo económico galego é fundamental para a recuperación despois da intensa e longa recesión que a demanda interna se consolide. Dado que a maior parte dos ingresos dos fogares dependen galegos dos salarios, é imprescindible rachar coa tendencia descendente dos últimos anos, para que se reavive o consumo dos fogares, compoñente clave da demanda interior galega.

Comezaremos analizando, a nivel macroeconómico, o peso dos salarios no PIB de Galicia, España e a Unión Europea, para despois focalizar estatísticas de custos salarial e máis a evolución do salario mínimo interprofesional.

1.5.1. Peso relativo das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE.

Na análise do PIB dunha sociedade pola vía das rendas, a remuneración da poboación asalariada é un compoñente clave, que ao remate do século XX supoñía ao redor dun 50% do PIB en España e máis no promedio da Unión Europea.

A remuneración da poboación asalariada cuantifica que parte do valor engadido bruto xerado por unha economía se destinada a remunerar o factor traballo, incluíndo os pagos en efectivo ou en especie.


A evolución da porcentaxe do PIB de remuneración da poboación asalariada para o período 2001-2014 en Galicia, España e UE recollémola no cadro 1.32. Destacaremos catro aspectos:

Cadro 1.32

Porcentaxe da remuneración dos asalariados no PIB. Galicia, España e Europa. 2001-2014

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	46,0	46,1	46,2	45,7	45,6	45,6	46,2	46,9	48,0	46,9	46,7	45,3	44,5	44,6
España	48,3	48,1	48,1	47,7	47,7	47,7	48,3	50,1	50,9	50,1	49,6	47,8	47,2	47,1
UE 28	48,4	48,2	48,1	47,5	47,3	47,0	46,7	47,3	48,7	48,0	47,6	47,9	47,7	47,6

Datos en porcentaxe



- No último ano (2014) a porcentaxe de remuneración da poboación asalariada de Galicia no seu PIB é moito menor que a estatal (2,5 puntos porcentuais por baixo) e da Unión Europea (3 puntos).
- A proporción dos salarios no PIB de Galicia acadou en 2013 o punto máis baixo dos catorce anos analizados (44,5%) e en 2014 quedou practicamente igual (unha décima máis). A porcentaxe máxima dese período foi o de 2009 (48%) e no cuadrenio seguinte baixou todos os anos.
- O peso relativo das remuneracións salariais no PIB de España tamén acadou en 2009 o punto máis alto (50,9%) do período estudado pero o valor mínimo foi o de 2014 (45,4%), aínda que certamente a diminución nese ano foi xa tan só dunha décima.
- As rendas salariais no PIB da Unión Europea, pola súa banda, mantiveron unha tendencia de estabilidade na serie estudada; tan só oscilaron 2,1 puntos porcentuais nun abano que rexistrou o nivel máis alto (50,2%) en 2001 e 2009, e o máis baixo (48,1%, en 2007), mentres que esa diferenza foi de 3,5 puntos porcentuais en Galicia e de 5,6 en España).

A redistribución de ingresos das poboacións asalariadas de Galicia e o total español reflicte no último quinquenio, xa que logo, unhas grandes diminucións das súas participacións relativas nos PIB da nosa comunidade (7,2%) e do conxunto do Estado (9,2%).

Velaí unha das pegadas da *gran recesión* nos dous ámbitos territoriais estudados, consecuencia do emprego a *devaluación interna* como “axuste” substitutivo do que, nos tempos nos o estado español tiña aínda soberanía monetaria (ata o ano 2002, de implantación do euro) se conseguía coa *devaluación externa* (baixando o tipo de cambio da

peseta), clásico mecanismo de axuste de perdas de competitividade exterior nos Estados con moeda de seu.

1.5.2 Custos laborais. Xornada laboral

A *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* é unha estatística elaborada polo INE, que forma parte dos euroindicadores que EUROSTAT solicitou aos Estados da área euro co obxectivo de medir a potencial converxencia dos custos laborais entre eles; unha das súas aplicacións é permitir actualizar anualmente a *Enquisa de Custo Laboral* que se realiza cuadrienalmente nos Estados da UE.

Enténdese por *custo laboral* o custo total que ten o empregador/a pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e outros custos).

O *custo salarial* defínese como o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea.

O cadro 1.33 recolle os custos laborais de 2008 a 2015 en Galicia desde unha dobre perspectiva: por traballador/a e mes e por hora efectiva de traballo.

Respecto do custo laboral por traballador/a e mes, destacaremos que en Galicia diminuíu en 2015 un 0,3%, polo que baixou por segunda vez no período analizado; o outro (en 2012) fíxoo moito máis intensamente (-2,6%). Quedou fixado en Galicia no cuarto trimestre en 2.370,6 euros, por baixo do promedio español (2.671,4 euros).

Cadro 1.33

Custos laborais. Galicia. 2008-2015

Período	Custo laboral por traballador e mes		Custo laboral por hora efectiva	
	Euros	% var.(*)	Euros	% var.(*)
2008	2.124,3	3,6	15,6	4,1
2009	2.199,7	3,5	16,4	4,9
2010	2.251,3	2,3	16,8	2,4
2011	2.265,3	0,6	17,1	1,6
2012	2.206,3	-2,6	16,8	-1,9
2013	2.363,5	4,8	18,3	4,1
2014	2.378,7	0,6	18,0	-1,7
2015	2.370,6	-0,3		

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral

(*) Sobre cuarto trimestre do ano anterior

Os 300 euros de diferenza supoñen un 12,6% máis para a media estatal que en Galicia, aumentando en 1,6 puntos porcentuais respecto do ano anterior.

O maior custo laboral por traballador/a e mes foi ao remate de 2015 o de Madrid (3.163,3 euros), seguido do País Vasco (3.121,9 euros), mentres que Extremadura (2.236,4 euros) e Canarias (2.277,1) pecharon a clasificación.

- As comunidades autónomas de maior suba porcentual no seu custo laboral en 2015 foron Castela-León (4,3%), Canarias (3,7%) e Madrid (2,4%); as maiores diminucións rexistráronse nas seguintes comunidades: Castela-A Mancha (-3%), Navarra (- 2,3%) e Baleares (-1,2%).

No cadro 1.34 presentamos os custos salariais de 2008 a 2015 en Galicia desde unha dobre vertente: por traballador/a e mes e máis por hora efectiva traballada. Respecto do primeiro, destacaremos que:

Cadro 1.34

Custos salariais en España. Por CC.AA. 2015

	Custo salarial por traballador e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	Tasa(*)	Euros	Tasa(*)
España	2.026,1	1,7	15,7	2,1
Andalucía	1.808,04	1,5	14,41	2,3
Aragón	1.971,77	1,9	15,73	2,5
Asturias	2.059,78	2,7	16,77	3,7
Baleares	1.974,63	0,2	15,20	0,5
Canarias	1.708,63	4,6	13,20	4,9
Cantabria	1.906,15	1,9	14,96	3,5
C. León	1.870,50	4,4	15,07	4,1
C. a Mancha	1.793,18	-3,9	14,00	-1,4
Cataluña	2.136,56	2,7	16,19	1,6
Comunidade Valenciana	1.761,71	1,2	13,84	1,9
Extremadura	1.686,80	2,3	13,69	4,1
Galicia	1.775,83	0,4	13,73	2,7
Madrid	2.422,79	2,6	17,96	2,9
Murcia	1.825,25	0,8	13,94	1,0
Navarra	2.099,48	-1,1	16,68	0,4
País Vasco	2.386,82	-0,3	18,80	-0,7
A Ríoxa	1.908,80	1,3	14,80	3,1

Fonte: Enquisa trimestral de custo laboral

(*) Variación porcentual sobre o mesmo trimestre do ano anterior.

* En Galicia, subiron en 2015 os dous custos salariais analizados: *por traballador/a e mes* (0,4%) e *por hora efectiva de traballo* (2,7%); no promedio español tamén creceron: un 1,7 e un 2,1% respectivamente.

* No cuarto trimestre de 2013 o *custo salarial por traballador/a e mes* quedou en Galicia en 1.769 euros; o promedio estatal foi de 2.026 euros; o máis alto seguiu a ser o de País Vasco (2.387 euros).

No tocante ao custo salarial por hora efectiva traballada, no cuarto trimestre de 2015 quedou en Galicia en 13,7 euros e na media estatal nos 15,7 euros; encabeza a clasificación por comunidades autónomas País Vasco (18,8 euros/hora) e péchaa Canarias (13,2).

No cadro 1.35 presentamos a xornada laboral por traballador e mes de Galicia e España no cuarto trimestre desde 2008 ata 2014, desde unha tripla vertente: total dos traballadores, os que traballan a tempo completo (cada vez menos) e os que o fan a tempo parcial (cada vez máis).

Cadro 1.35**Xornada laboral. Galicia. 2008-2015**

Período	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Total traballadores	Tempo completo	Tempo parcial
2008	156,4	169,5	83,4
2009	156,0	169,4	83,4
2010	155,7	169,5	84,7
2011	154,5	169,8	84,7
2012	153,3	169,6	85,3
2013	152,1	169,1	87,0
2014	152,1	169,1	88,2
2015	151,8	169,4	84,7

Fonte: Enquisa trimestral de custo laboral

Respecto do total de persoas que traballan, destacaremos que Galicia segue a estar no cuarto trimestre de 2015 por riba do promedio español nos dous primeiros aspectos analizados: horas pactadas (2,4 horas) e horas a tempo completo (0,8 horas máis); no terceiro quedou por baixo: tempo parcial (3,2 horas menos). No tocante á variación en 2015, en Galicia baixou a segunda e subiron a primeira e a terceira.

O número de vacantes en Galicia ao remate do ano 2015 era de 2.601, como podemos ver no cadro 1.36; supón un 4,4%, moi por baixo das porcentaxes relativas no total español en poboación ou PIB.

Cando non existen vacantes, recollemos tamén nese cadro os principais motivos polos que non existen vacantes en cada unha das comunidades autónomas e no total estatal.

Cadro 1.36

Vacantes, ou motivos polos que non existen. Por CCAA. 2015 (*)

	Vacantes	% en cada CCAA sobre o total de vacantes	Motivos polos que non existen vacantes (distribución provincial)		
			Non se necesita ningún traballador mais	Elevado coste de contratación	Outos
Andalucía	7.303	12,4	92,5	5,3	2,3
Aragón	3.044	5,2	95,7	2,6	1,8
Asturias	410	0,7	94,5	4,4	1,1
Baleares	1.866	3,2	91,3	6,7	1,9
Canarias	2.666	4,5	89,6	9,2	1,2
Cantabria	449	0,8	93,8	2,4	3,8
Castela León	3.349	5,7	94,0	3,2	2,9
Castela a Mancha	1.320	2,2	91,9	6,9	1,2
Cataluña	10.797	18,3	94,4	3,4	2,2
C. Valenciana	3.808	6,5	94,3	4,6	1,1
Extremadura	894	1,5	87,7	10,2	2,1
Galicia	2.601	4,4	89,9	7,8	2,3
Madrid	14.187	24,1	92,2	5,8	1,9
Murcia	1.082	1,8	96,9	1,2	1,9
Navarra	258	0,4	95,1	2,6	2,3
País Vasco	4.390	7,5	93,2	5,2	1,6
Rioxa (A)	444	0,8	87,5	8,1	4,5
Total	58.868	100,0	92,9	5,1	1,9

(*) Datos do 4º trimestre de 2015

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral

1.5.3 O salario mínimo interprofesional

O salario mínimo interprofesional a día 1 de xaneiro de 2015 é de 648,6 euros/mes. Despois do importante crecemento medio do SMI no cuadrienio 2006-2009, a súa suba desde entón foi moi pequena (ou non subiu, como en 2012 e 2014) e a súa cuantía actual en España é ao redor da metade do establecido en Estados socios da Eurozona como Francia, Gran Bretaña, Bélxica, Irlanda ou Holanda.

Cadro 1.37

Salario mínimo interprofesional. España e outros Estados da UE. 2015

	Euros/mes
Luxemburgo	1.923
Bélxica	1.502
Irlanda	1.462
Francia	1.458
Gran Bretaña	1.379
España	756,7(*)
Grecia	683,8
Portugal	589,2
Polonia	409,5

(*) Inclúe o prorrateo das pagas extraordinarias

Fonte: INE, EUROSTAT


O ínfimo incremento do SMI no trienio 2012-2014 (0,6%) que se pode ver no cadro 1.38 explicita que os custos da crise están a ser pagados, en parte, polas persoas que perciben uns ingresos salariais menores, que ademais deberon apeitar tamén coa suba do IVE e outros impostos indirectos (como os impostos *especiais*), que encareceron notablemente a súa compra de bens e servizos.

Cadro 1.38

Salario mínimo interprofesional. España. 2008-2015

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
€/día	20,00	20,80	21,11	21,38	21,38	21,51	21,51	21,62
€/mes	600,00	624,00	633,30	641,40	641,40	645,30	645,30	648,60
Incremento sobre o salario anterior	5,15	4,00	1,50	1,30	0,00	0,60	0,00	0,50

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social



En Galicia (e en España, en xeral) o SMI é tan só un 45% en relación co “salario máis frecuente”, mentres que esta porcentaxe sube a un 62% en Francia e a un 68% en Portugal, os Estados socios da UE que limitan xeográfica con España.

O número de persoas que non superan o SMI dobrouse en España na última década: pasou dun 6% a un 12%; a maioría son mulleres.

A suba do SMI é un dos factores que podería incidir na recuperación do consumo dos fogares (e, xa que logo, da demanda interna galega e máis española), dada a maior propensión marxinal ao consumo dos fogares de menor renda; podería ser unha achega para a saída da economía de ambos territorios da UVI da recesión.e, ademais, facer que fose menos desigual o reparto da riqueza xerada.

1.6 A variación do IPC

No cadro 1.39 recollemos a evolución na última década das taxas de inflación de Galicia e España. Sinalabamos no *Informe Sociolaboral de Galicia do ano 2014* que nese baixou un 1% en ambas comunidades e que foran as únicas variacións interanuais do IPC (de

decembro dun ano sobre decembro do anterior) negativas do período analizado. En 2015 baixou en Galicia un 0,2% e mantívose estable en España.

Cadro 1.39

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2006-2015

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Galicia	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2
España	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0	0,0

(1) De decembro a decembro

Fonte: INE, IPC

A posibilidade dunha futura *deflación* figura xa na axenda do Banco Central Europeo, que puxo en marcha medidas de expansión cuantitativa da cantidade de diñeiro en circulación como medida preventiva dunha potencial diminución permanente do índice de prezos de consumo.

A análise desagregada territorialmente da variación do IPC en 2015 reflicte que baixou coas maiores porcentaxes en Canarias Cantabria as cidades autónomas (Ceuta e Melilla), cunha diminución do 0,4% nas catro mentres que as maiores subas tivéronas Baleares, Cataluña e País Vasco (0,3% nas tres).

A inflación subxacente (a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) situouse en 2015 tanto en Galicia como na media estatal por riba do IPC, con porcentaxes no abano 0,9%-1% (nun ano de gran diminución dos prezos dos produtos enerxéticos).

Cadro 1.40

Inflación subxacente. Galicia e España. 2009-2015

IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Galicia	0,2	1,4	1,8	1,6	0,5	-0,1	1,0
España	0,3	1,5	1,5	2,1	0,2	0	0,9

Taxas de variacións interanuais en %

Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.41 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación no último sexenio en Galicia. Obsérvase nel que en 2015:

- Diminuíron os prezos en dous grupos de gasto, con especial intensidade no de vivenda (-3,2 %, despois do -0,9% no ano 2014).
- As maiores subas do IPC (1,4%) rexistráronse en dous grupos de gasto: *alimentos*, *bebidas non alcohólicas* e *outros*.

Cadro 1.41

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2009-2015

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	-2,0	0,5	2,5	2,5	1,5	0,1	1,4
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	11,3	13,9	2,7	5,8	5,0	-0,4	1,2
3. Vestido e calzado	-0,9	0,5	3,7	0,3	0,1	0,4	0,5
4. Vivenda	0,8	7,3	0,3	6,4	0,4	-0,9	-3,2
5. Enxoval	1,0	0,7	7,0	1,2	0,5	-1,3	0,6
6. Medicina	-0,7	-0,1	1,6	11,1	1,6	-0,2	0,2
7. Transporte	4,1	9,1	-2,3	2,1	1,1	-4,2	-2,8
8. Comunicacóns	-0,3	-0,7	4,6	-2,8	-6,6	-5,7	0,4
9. Ocio e cultura	-0,6	-0,9	-1,6	0,7	-0,7	-1,8	0,1
10. Ensino	2,6	2,1	0,6	4,0	1,6	1,0	0,6
11. Hoteis, cafés e restaurantes	1,8	2,1	3,2	1,4	0,5	0,5	0,9
12. Outros	1,9	2,5	1,6	3,6	-0,1	0,7	1,4
VARIACIÓN XERAL DO IPC	0,9	3,1	2,0	2,6	0,5	-1,0	-0,2

Taxas de variación interanuais en %

Fonte: INE. IPC

1.7 Comercio exterior

Ao estudar o *comercio exterior español* é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do territorio do noso Estado. Menos claro resulta o concepto de *comercio exterior galego*, xa que podemos referirnos a tres realidades económicas diferentes:

Primeira: ao importe global das transaccións con orixe ou destino en Galicia (*total do comercio exterior galego*).

Segunda: tan só a unha parte dese total do comercio exterior galego: ás compravendas de Galicia co estranxeiro (ou o que é o mesmo, a parte correspondente a Galicia do comercio internacional español); adoita ser a máis usada na literatura económica tradicional pero cremos que a súa denominación pode resultar confusa; chamarémoslle *comercio internacional de Galicia*.

Terceira: á outra parte do total do comercio exterior galego: as transacción de Galicia coas outras comunidades (e cidades) autónomas do Estado español; chamarémoslle *comercio galego intraestatal*.

1.7.1. Comercio internacional galego

O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2013 o récord na historia da economía galega (con 18.762 millóns de euros), en 2014 baixou a 17.826 en 2015 pasou a supera o dato de 2013, con 18.830,9 millóns de euros.

O importe en 2015 das importacións/introducións do estranxeiro por Galicia foi moito menor que o das vendas ao estranxeiro: 15.120,5 millóns de euros; tiveron unha suba de 580,5 millóns de euros respecto do ano anterior.

Cadro 1.42

Comercio exterior de Galicia (e distribución provincial). Indicadores básicos 2015

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.
	Millóns €	Iprov (1)	TVA (2)	Cprov a TVA (3)	Millóns €	Iprov (1)	TVA (2)	Cprov a TVA (3)	Millóns €	%
A Coruña	8.276,97	43,95	7,26	3,14	6.268,64	41,46	-8,95	-4,25	2.008,33	132,04
Lugo	1.131,13	6,01	18,51	0,99	870,54	5,76	5,72	0,33	260,58	129,93
Ourense	785,95	4,17	-4,88	-0,23	438,69	2,90	5,57	0,16	347,26	179,16
Pontevedra	8.636,82	45,87	3,71	1,73	7.542,63	49,88	18,41	8,09	1.094,19	114,51
Galicia	18.830,87	100,00	5,64	5,64	15.120,49	100,00	4,33	4,33	3.710,37	124,54

(1) Iprov: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe

(3) Cprov a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe Anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia

Poñendo nos dous lados dunha nunha balanza os importes das exportacións/expedicións e o das importacións/introducións, Galicia tivo en 2015 un saldo comercial de superávit, neste ano por un importe de 3.710,4 millóns de euros, o que supón un crecemento de 421,4 millóns de euros respecto do ano anterior.

Consecuentemente co superávit nas compravendas de Galicia co estranxeiro, a taxa de cobertura (porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) quedou por riba do valor 100, que é o que corresponde ao equilibrio da balanza comercial: en 2015 a taxa de cobertura do comercio internacional galego ascendeu ao 124,5% (2,5 puntos porcentuais máis que en 2014) ou o que é o mesmo, o valor das exportacións galegas ao estranxeiro “cubriu” o importe das importacións e acadou ademais un 24,5% de ingresos.

A participación relativa de Galicia no importe total español das exportacións/expedicións e das importacións/introducións co estranxeiro en 2015 certifica que o primeiro supuxo unha porcentaxe do 7,5%, uns dous puntos por riba do noso peso demográfico ou en PIB no Estado español.

No tocante ao peso relativo de Galicia no global español das compras a outros Estados, a porcentaxe en 2015 foi dun 5,5%, máis parello á participación relativa demográfica ou produtiva de Galicia.

A desagregación provincial das exportacións de Galicia ao estranxeiro no ano 2015 pode verse no no cadro 1.42:

- A provincia de Pontevedra (45,9% do total galego) e a de A Coruña (44%) volveron a ser en 2015 os sólidos piares das nosas exportacións.
- O importe conxunto das compras ao estranxeiro destas dúas provincias acadou en 2015 un 89,% do total galego).

A desagregación provincial das importacións de Galicia desde o estranxeiro en 2015 queda recollida no cadro 1.42; subliñaremos que:

- A provincia de Pontevedra ocupou en 2015 o primeiro posto, pero en 2014, cun 49,9% do importe do total das importacións de Galicia; seguiu A Coruña, cun 41,5%.
- O importe conxunto en 2015 das compras a outros Estados destas dúas provincias representou en 2015 un 91,4% do global galego.

Queda clara a dualidade estrutural do comercio internacional galego: a Galicia occidental, cun grao elevado de apertura comercial co estranxeiro, e a Galicia oriental, na que estas operacións mercantís son moi pouco relevantes cuantitativamente (a décima parte que nas outras dúas provincias).

Unha das características do comercio exterior galego que xa subliñamos outros anos neste *Informe Sociolaboral* é o seu carácter intraindustrial: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia deste *comercio intraindustrial* reflíctese cun dato: os primeiros capítulos arancelarios das exportacións galegas están a ser, con carácter estrutural, tamén os primeiros nas nosas importacións.

As nosas vendas ao estranxeiro concéntranse especialmente en tres grupos arancelarios: *Material de transporte, Materias téxtiles - confección e Animais, peixes e moluscos, leite e ovos*; entre os tres suman máis da metade do valor das exportacións de Galicia ao estranxeiro; esta especialización das nosas vendas internacionais, concentrando máis da metade en tres grupos arancelarios, conleva un risco: unha maior vulnerabilidade.

No tocante ás importacións, os grupos arancelarios máis importantes cuantitativamente foron o de *Minerais e combustibles minerais, Material de transporte e Materias téxtiles e confección*; entre os tres concentran algo máis da metade do valor das importacións galegas do estranxeiro.

No cadro 1.43 presentamos nunha visión sincrónica os principais indicadores desagregados por comunidades (e cidades) autónomas, para facilitar o traballo ás persoas interesadas en afondar no estudo do comercio internacional.

Cadro 1.43

Comercio exterior de España. Por CC.AA. Indicadores básicos 2015

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.	EXP+IMP
	Valor (mil. Euros)	ICom (1)	TVA (2)	CCom a TVA (3)	Valor (mil. Euros)	ICom (1)	TVA (2)	CCom a TVA (3)	Valor (mil. Euros)	%	Valor (mil. Euros)
España	250.241,33	100,00	4,25	4,25	274.415,21	100,00	3,75	3,75	-24.173,88	91,19	524.656,54
Cataluña	63.838,87	25,51	6,05	1,52	76.037,12	27,71	5,77	1,57	-12.198,25	83,96	139.875,99
Madrid	28.202,78	11,27	0,73	0,08	57.259,05	20,87	14,36	2,72	-29.056,27	49,25	85.461,83
Valencia	28.556,61	11,41	14,90	1,54	23.778,18	8,67	11,85	0,95	4.778,43	120,10	52.334,79
Andalucía	24.967,22	9,98	-5,83	-0,64	26.524,14	9,67	-13,96	-1,63	-1.556,92	94,13	51.491,36
País Vasco	21.953,08	8,77	-1,29	-0,12	16.804,94	6,12	-3,11	-0,20	5.148,14	130,63	38.758,02
Galicia	18.830,87	7,53	5,64	0,42	15.120,49	5,51	4,33	0,24	3.710,38	124,54	33.951,36
Castela e León	14.938,69	5,97	16,92	0,90	12.527,49	4,57	2,90	0,13	2.411,20	119,25	27.466,18
Aragón	10.567,02	4,22	12,53	0,49	10.083,89	3,67	18,07	0,58	483,13	104,79	20.650,91
Murcia	9.213,28	3,68	-11,22	-0,48	9.115,31	3,32	-24,85	-1,14	97,97	101,07	18.328,59
Navarra	8.456,08	3,38	4,40	0,15	4.527,86	1,65	10,96	0,17	3.928,22	186,76	12.983,94
Castala a Mancha	5.996,10	2,40	12,29	0,27	6.818,09	2,48	16,20	0,36	-821,99	87,94	12.814,19
Asturias	3.753,36	1,50	-1,88	-0,03	3.255,89	1,19	-3,52	-0,04	497,47	115,28	7.009,25
Canarias	2.438,43	0,97	2,94	0,03	2.989,21	1,09	-15,94	-0,21	-550,78	81,57	5.427,64
No determinado	1.595,70	0,64	11,93	0,07	3.213,78	1,17	15,01	0,16	-1.618,08	49,65	4.809,48
Cantabria	2.341,54	0,94	-7,73	-0,08	1.979,90	0,72	3,56	0,03	361,64	118,27	4.321,44
Rioxa, A	1.709,04	0,68	4,95	0,03	1.175,08	0,43	3,26	0,01	533,96	145,44	2.884,12
Extremadura	1.720,12	0,69	4,25	0,03	1.044,51	0,38	8,01	0,03	675,61	164,68	2.764,63
Baleares	1.112,58	0,44	16,82	0,07	1.558,72	0,57	7,66	0,04	-446,14	71,38	2.671,30
Ceuta	6,91	0,00	-12,76	0,00	320,24	0,12	-15,77	-0,02	-313,33	2,16	327,15
Melilla	43,06	0,02	43,23	0,01	281,31	0,10	7,52	0,01	-238,25	15,31	324,37

(1) ICom: incidencia autonómica na exportación/importación de España (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe

(3) CCom a TVA de España: contribución autonómica á taxa de variación interanual rexistrada por España

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe Anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia

No tocante ao destino das nosas vendas ao estranxeiro en 2015, no cadro 1.44 recollemos os datos que reflicten os indicadores básicos das transaccións comerciais de Galicia con outros Estados distintos do español.

Cadro 1.44

Comercio exterior de Galicia. Distribución xeográfica. 2015

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.
	Millóns	Ipais (1)	TVA (2)	Cpaís a TVA (3)	Millóns	Ipais (1)	TVA (2)	Cpaís a TVA (3)	Millóns	Tasa (%)
Total	18.830,87	100,00	5,64	5,64	15.120,49	100,00	4,33	4,33	3.710,37	124,54
Europa	15.046,91	79,91	8,60	6,69	9.746,07	64,46	3,60	2,34	5.300,84	154,39
África	976,60	5,19	-12,97	-0,82	1.559,24	10,31	7,94	0,79	-582,64	62,63
América	1.695,79	9,01	0,81	0,08	1.992,81	13,18	-7,64	-1,14	-297,02	85,10
Asia	957,98	5,09	0,71	0,04	1.727,31	11,42	23,04	2,23	-769,33	55,46
Oceanía	17,12	0,09	-80,70	-0,40	52,43	0,35	22,58	0,07	-35,31	32,64

(1) Ipais: incidencia da zona/país na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe

(3) Cpaís a TVA de Galicia: contribución da zona/país á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe Anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia

1.7.2 Comercio galego con outras comunidades autónomas

No último cadro deste capítulo recollemos a distribución xeográfica do comercio de Galicia (máis cada unha das comunidades autónomas e o total español) estudando polo miúdo se as compravendas se realizan na propia comunidade autónoma, con outras comunidades autónomas ou con Estados diferentes do español.

Cadro 1.45

Distribución xeográfica do comercio de bens en España. Por CCAA. 2015

	Propia CCAA (1)	Exporta a		Importa de		Saldo interior (2-4)	Saldo exterior (3-5)	Producción efectiva (1+2+3)
		España (2)	Mundo (3)	España (4)	Mundo (5)			
Andalucía	14.258	28.109	26.512	17.874	30.827	10.235	-4.315	68.879
Aragón	4.511	10.646	9.391	15.383	8.541	-4.736	850	24.548
Asturias	3.364	5.028	3.825	6.987	3.375	-1.958	450	12.217
Baleares	1.196	647	952	4.689	1.448	-4.042	-495	2.796
Canarias	2.880	3.415	2.369	10.049	3.556	-6.635	-1.187	8.664
Cantabria	1.608	3.633	2.538	4.892	1.912	-1.259	626	7.779
Castela León	9.752	16.576	12.777	17.686	12.174	-1.110	603	39.105
Castela a Mancha	3.813	15.498	5.340	13.986	5.867	1.512	-528	24.650
Cataluña	32.258	38.376	60.195	23.412	71.890	14.964	-11.696	130.829
C. Valenciana	14.886	16.651	24.853	21.400	21.258	-4.749	3.595	56.390
Extremadura	2.004	2.530	1.650	5.271	967	-2.741	683	6.184
Galicia	9.254	12.529	17.825	6.334	14.494	6.196	3.332	39.608
Madrid	8.415	11.259	27.999	20.646	50.069	-9.386	-22.070	47.674
Murcia	2.986	9.005	10.377	7.772	12.129	1.233	-1.752	22.368
Navarra	2.504	5.547	8.100	5.118	4.081	430	4.019	16.151
País Vasco	10.918	13.398	22.241	11.749	17.345	1.649	4.896	46.557
Rioxa (A)	1.163	3.104	1.628	2.705	1.138	398	490	5.895
España	125.771	195.951	238.571	195.951	261.070	0	-22.499	560.294

Datos en millóns de euros; os de comercio interior son unha predición de interreg.

Fonte: Intereg, "Informe sobre o comercio interrexional en España", decembro 2015

Se nos centramos na primeira desas facianas, os datos do *Informe sobre el comercio interregional de España*, elaborado por Intereg, cuantifica o importe das vendas en 2015 de Galicia a outras comunidades autónomas en 12.529 millóns de euros.

Pola súa banda, o importe das compras en 2015 de Galicia a outras comunidades autónomas ascendeu a 6.334 millóns de euros.

A suma alxebraica desas dúas cantidades supón que o saldo do comercio de Galicia co resto do Estado español presenta un superávit para Galicia en 2015 de 6.196 millóns de euros.